Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a autorización pola Xunta dun Festival Bachata Pirata para VIPs e Golden Pass en San Simón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No día de onte, 4 de xuño, tivemos coñecemento da organización o próximo domingo 8 de xuño dun festival Bachata (Dreescode Pirata) para VIPs e Golden Pass que conta coa autorización e colaboración do goberno galego.

Logo das desafortunadas declaracións recentes de destacados dirixentes do PP e do goberno sobre a historia da Illa, nas que minimizaban as mortes e asasinatos relacionados con este espazo, estamos diante dunha escalada de provocación e unha aldraxe ás vítimas da represión franquista que parece non ter límites.

Este tipo de eventos, que foron reiteradamente denunciados polas asociacións memorialistas, forman parte dunha estratexia premeditada e provocadora por parte da Xunta, unha estratexia que encaixa perfectamente coa súa aversión á memoria histórica e a calquera programación de coñecemento da verdade e de reparación relacionada coa Ditadura franquista. Así, na práctica, o principal espazo simbólico da memoria histórica galega está sendo xestionado por empresas privadas para facer negocio con actividades de carácter lúdico que son contrarias ao significado simbólico da Illa, ofensivas para as vítimas e as súas familias, e que vulneran as condicións da cesión por parte do Estado á Xunta.

Asinado o día 05/06/2025 ás
12:59
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 05/06/2025 ás
12:59
Por Luis Bará Torres



A actividade prevista para o próximo domingo 8 de xuño supera todo o visto até agora, ao converter o antigo campo de concentración de San Simón nunha especie de discoteca ao aire libre na que vai ter lugar unha festa elitista para convidados VIP e Golden Pass e indumentaria pirata, segundo se desprende da publicidade da entidade organizadora que se adxunta.



Este evento está organizado coa complicidade, a colaboración e permiso do goberno galego, que é quen autoriza as actividades na Illa por medio do Museo do Mar. Se é xa de por si grave e insultante que se autorice este evento, éo máis que o goberno galego asuma parte dos custos de persoal, infraestruturas e servizos que implica.

En ningún país democrático da nosa contorna se admitiría a organización deste tipo de actos en campos de concentración, lugares de tortura e morte violenta e, en xeral, en lugares que merecen respecto e sensibilidade porque están asociados ao terror





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dunha Ditadura criminal e á dor que aínda senten as familias de quen sufriron o cárcere, o illamento, a tortura e o asasinato.

Estes feitos poñer de relevo a necesidade de recoñecer san Simón como lugar de memoria, desenvolver unha programación anual de actividades sobre memoria histórica e regular as actividades permitidas e prohibidas neste espazo simbólico, denegando aquelas que sexan ofensivas para a memoria das vítimas e as súas familias.

Por todo o exposto, formúlase a seguinte interpelación:

Que criterios utilizou a Xunta para autorizar o Festival Bachata Pirata para VIPs e Golden Pass na illa de san Simón?

Considera o goberno galego que a organización dunha festa pirata en san Simón é respectuosa coa memoria das vítimas da represión franquista e as súas familias?

Que custo ten para as arcas públicas a colaboración na organización deste Festival de carácter lucrativo e de acceso exclusivo?

Ten previsto a Xunta desenvolver en San Simón unha programación anual de actividades sobre memoria histórica, en coordinación co movemento memorialista galego?

Prevé o goberno galego regular as actividades que se desenvolvan neste espazo simbólico, impedindo aquelas que sexan ofensivas para a memoria das vítimas e as súas familias?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/06/2025 12:59:38

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/06/2025 12:59:56

Alexandra Fernández Gómez na data 05/06/2025 13:00:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 13:06:01
Nº Rexistro: 26858
Data envío: 05/06/2025 13:06:01.224

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/06/2025 13:06:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 13:06:01
Nº Rexistro: 26858
Data envío: 05/06/2025 13:06:01.224

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26882
Data envío: 05/06/2025 15:58:31.939

Asinado o día 05/06/2025 ás 15:56
Por Brais Ruanova Vi

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a demanda que ten que realizar a Xunta para a constitución dun Complexo integral da construción naval na ría de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Navantia é unha empresa pública propiedade da SEPI dedicada á construción naval con centros de traballo na baía de Cádiz, Cartagena, Madrid e a ría de Ferrol, que pola súa historia, dimensión, capacidade construtiva e operativa, nivel tecnolóxico, clientes, facturación e volume de emprego é unha das grandes empresas industriais do seu sector no panorama mundial.

O seu papel como empresa tractora e motor económico dos territorios onde se sitúan os seus centros de traballo é recoñecido explicitamente por todos os sucesivos gobernos, sendo un dos principais instrumentos para a consecución de obxectivos das súas respectivas estratexias en materia de política industrial e económica.

Mais as declaracións públicas de aposta e defensa do sector non sempre casan ben coa realidade, e o exemplo das políticas aplicadas aos centros de Navantia na ría de Ferrol son ben ilustrativos.

A política mal coñecida como de reconversión aplicada polos diferentes gobernos do PSOE e do Partido Popular no estado, resultou ser unha política absolutamente decidida a reducir capacidades, nomeadamente a través do veto á construción naval civil, e ten provocado unha perda de poboación e nomeadamente de poboación activa na

Asinado o día 05/06/2025 ás 15:55
Por José Manuel Golpe Acuña

Asinado o día 05/06/2025 ás 15:55
Por Ramón Fernández Alfonzo





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

comarca de Ferrol que non ten comparación con ningunha outra cidade ou comarca do estado español.

Unha mestura de restricións europeas (hoxe vencidas) en favor da consolidación da construción naval nos estados centrais da UE; a dificultade de competir nos mercados mundiais contra os construtores asiáticos sen os necesarios instrumentos de intervención e regulación no mercado e na industria que compensen os que aplican aqueles estados; e os deseños propios do estado español claramente favorables aos estaleiros do grupo situados na Baía de Cádiz en detrimento dos centros galegos, son parte do contexto económico e socio-político no que se ven desenvolvendo o debate ao respecto do sector naval público na Ría de Ferrol, e as sucesivas negociacións de Plan industriais para Navantia.

A negociación actualmente en marcha non é unha excepción e vemos como reivindicacións da parte social de Navantia ría de Ferrol, de modernización das instalacións con novas infraestruturas ben dimensionadas, de recuperación de actividades como a construción naval civil, así como a de introducirse nos segmentos con maior carga tecnolóxica das novas actividades, como as relacionadas coas enerxías renovábeis, todas elas demandas orientadas a garantir o futuro da empresa, do emprego, da creación de riqueza na comarca, e polo tanto a promover unha recuperación demográfica e socio-económica real da comarca de Ferrol son rexeitadas pola representación da empresa pública.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

1. Que opina a Xunta da Galiza da proposta da dirección de Navantia de novo Plan industrial? Que opina a Xunta da Galiza das demandas da parte social dos centros de Navantia na ría de Ferrol?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

2. Que opina a Xunta de Galiza da demanda de recuperar a construción naval civil na ría de Ferrol?

3. Que opina a Xunta de Galiza da demanda da parte social de novos diques tanto para novas construcións como para a área de reparacións na ría de Ferrol?

4. Que opina a Xunta da Galiza do impacto de Navantia no tecido empresarial da comarca de Ferrol? Considera a Xunta de Galiza que pode aumentarse e mellorarse este impacto? Como?

5. Que opina a Xunta de Galiza de que despois de 300 anos de construción naval en Ferrol non exista con carácter estábel un Centro de investigación ou tecnolóxico da construción naval e das tecnoloxías marítimas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/06/2025 15:55:48

José Manuel Golpe Acuña na data 05/06/2025 15:55:57

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 05/06/2025 15:56:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26882
Data envío: 05/06/2025 15:58:31.939

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/06/2025 15:58:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26882
Data envío: 05/06/2025 15:58:31.939

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o uso de herbicidas en base a glifosato nas vías de comunicación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes días comezaron a facerse os mantementos de limpeza das marxes de numerosas estradas de titularidade diversa, xa sexa municipal, provincial, galega ou estatal, tamén das vías férreas. Nalgunha delas obsérvase que hai unha evidente seca da vexetación espontánea nas marxes, provocado por un tratamento con sustancias fitosanitarias e herbicidas. Estas sustancias herbicidas foron aplicadas por empresas de mantemento de estradas e vías férreas en virtude de contratos asinados polas diferentes administracións.

O uso de produtos químicos nas beiravías de forma masiva está prohibido pois as sustancias son arrastradas coa auga e a chuvia e acaban filtrándose no nivel freático e chegando aos ríos, con consecuencias negativas para a fauna, a flora e tamén cun risco elevado de afectar as fontes e pozos de consumo humano.

A maioría dos herbicidas son químicos e conteñen na súa composición glifosato, unha substancia, que a OMS ven denunciando dende fai décadas dos potenciais efectos nocivos para a saúde humana, de feito en 2015 a Organización Mundial da Saúde (OMS), clasificou o glifosato como “probablemente canceríxeno para os seres humanos”, baseándose nunha forte evidencia de que é canceríxeno para os animais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Administración do Estado xa a ten identificado como contaminante específico de conca nos Plans Hidrolóxicos. O propio Ministerio de Transición MITECO recoñece que a análise dos datos feitos sobre o glifosato nos últimos 5 anos evidencian que pode supor un risco nas augas superficiais

Non ten sentido que os gobernos que recoñecen a perigosidade destas substancias, incluso se fan controis sobre a súa presenza nas augas e concas hidrográficas, utilice herbicidas de forma indiscriminada para evitar o medre do monte nas beiravías das estradas. Existen alternativas aos herbicidas químicos para o control da vexetación non desexada, como son os métodos mecánicos o térmicos que, ademais de ser máis respectuosos co medio natural e menos contaminantes, permiten xerar emprego

Por outra banda, os Programas de vixilancia da Unión Europea concretados a través dos Plans Nacionais para o Control da Cadea Alimentaria (PNCOCA) establecen as plenas competencias de Xunta de Galiza (Consellería do Medio Rural) para facer cumprir a normativa que regula o uso destes produtos.

No Bloque Nacionalista Galego non entendemos que se sigan aplicando estes produtos e que a administración competente, a Xunta de Galiza, non actúe con determinación para evitar estas actuacións indiscriminadas con herbicidas en base a glifosato.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte interpelación:

1. Cal é valoración da Xunta de Galiza respecto a utilización de herbicidas en base a glifosato nas vías de comunicación existentes na Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Utiliza herbicidas a Xunta de Galiza nas vías da súa titularidade tendo en conta que son substancias contaminantes e de alto risco para a saúde das persoas?
3. Se a resposta á pregunta anterior é afirmativa, ten previsto dar instrucións para prohibir o seu uso?
4. Vai deixar de utilizar glifosato e outros herbicidas químicos e apostar pola limpeza mecánica que, ademais de máis respectuosa co medio, permite xerar postos de traballo?
5. Que inspeccións e controis fan, como administración competente, para evitar a utilización de herbicidas químicos no control da vexetación nas vías de comunicación de titularidade doutras administracións?
6. Que administracións incumpren máis a lexislación no tocante a utilización de herbicidas tóxicos nas vías de comunicación?
7. Ten datos a Xunta de Galiza do nivel de contaminación por glifosato e os seus derivados das augas superficiais e subterráneas de Galiza?
8. Fixo a Xunta de Galiza, a traveso de augas de Galiza, analítica das augas da súa competencia para coñecer o nivel de contaminación por estes tóxicos?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Montserrat Valcárcel Armesto

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 05/06/2025 17:13:37

Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/06/2025 17:13:58

Luis Bará Torres na data 05/06/2025 17:14:08





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as declaracións do conselleiro de Educación, para o control das actividades complementarias dentro das aulas que organizan os centros educativos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de xuño o conselleiro de Educación, o Sr. Román Rodríguez, fixo unhas declaracións na reunión coa Xunta Autonómica de Directores e Directoras de centros de ensino na que presentou os plans do Executivo galego para o vindeiro curso escolar. Entre outras medidas anunciadas atópase o control das actividades que se realicen nas aulas, para que contén con “neutralidade ideolóxica”, engadindo que pretenden que estas se axusten aos principios de “liberdade, pluralismo, e aos valores constitucionais”, como se ata o de agora as actividades organizadas polos departamentos e profesorado non seguisen eses principios e criterios.

Ademais o conselleiro indicou que deberá haber “neutralidade ideolóxica”, pero sen concretar en que consiste a mesma, en actividades como visitas didácticas ou charlas, algo novo que non incluíran nunca nas instrucións de anos anteriores. Esta medida ía camuflada no medio doutras que xa estaban sendo aplicadas.

Lonxe de querer implementar medidas reais de convivencia máis democráticas, estamos ante unha pretensión do PP desde a Xunta que pretende impoñer unha mordaza ao ensino e censurar todas as actividades que son organizadas dentro dos centros escolares

Asinado o día 05/06/2025 ás
18:13
Por Daniel Castro García

Asinado o día 05/06/2025 ás
18:13
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

que buscan fomentar o pensamento crítico, o debate democrático, a creatividade, a solidariedade, a diversidade, a igualdade, a inclusión, etc.

Non é máis ca un novo paso do goberno do PP na deriva, ás ordes do partido en Madrid, cara un achegamento aínda máis intenso ao ideario da ultradereita.; un intento da Consellería de Educación de censurar ao profesorado e de coartar a liberdade nos centros de ensino a través de manter baixo control todo o que acontece dentro das escolas e institutos.

E isto acontece despois de que as comunidades educativas e sobre todo o alumnado, aborden temas como a instalación de Altri na Galiza, o xenocidio que está a sufrir a poboación Palestina ou a situación da lingua galega no ensino e no noso País, entre outros. Precisamente iso é o que fai ao alumnado libre, crítico, con opinións plurais e con argumentos e valores democráticos. Cuestións nas que o PP no Goberno está a facer políticas regresivas e prexudiciais para as galegas e galegos, mentres o profesorado debe exercer o seu dereito á liberdade de cátedra.

Por outra banda, pon aos centros educativos nunha situación incómoda e basicamente imposible, ao ter que adiantar a comezos de curso todas as actividades que van realizar durante os trimestres do ano escolar para que a administración educativa pase o rodillo da censura. Ademais, esta cuestión estíbese facendo xa a través do Consello Escolar de cada centro, que daba o seu visto e prace ás actividades que organizaba cada departamento. Deste xeito este órgano será esquilmado novamente dunha parte das súas funcións e toma de decisións.

Hai que lembrar que a normativa educativa fomenta un ensino que forme a o alumnado en pensamento crítico, en valores e debate democrático, que sexa libre para manifestar as súas opinións con argumentos e respecto ao resto dos compañeiros/as e gozar dunha aprendizaxe integral entre os coñecementos e a situación social, económica, cultural e política que os envolve en cada momento. Só así poderemos ter unha sociedade





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

plural, ben informada, crítica, solidaria, xusta, inclusiva e mellor para o futuro do noso País.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP retirar as medidas amordazantes, incluídas nas instrucións da Consellería para o vindeiro curso escolar, tras a reacción inmediata de alarma das representantes das nais e pais do alumnado, dos sindicatos do ensino ou do profesorado, que manifestan ser censurados e coartados na liberdade de cátedra?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 05/06/2025 18:13:07

Daniel Castro García na data 05/06/2025 18:13:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 18:15:01
Nº Rexistro: 26896
Data envío: 05/06/2025 18:15:01.825

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/06/2025 18:15:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 18:15:01
Nº Rexistro: 26896
Data envío: 05/06/2025 18:15:01.825

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a aplicación da sentenza do TSXG nas bases da convocatoria das axudas para adquirir libros de texto e material escolar para alumnado de educación Primaria, ESO e Educación Especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o vindeiro curso escolar 2025/26, publicadas no DOG do 15 de maio de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data de 26 de xuño de 2024 recaeu Sentenza 00496/2024 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a resultas do recurso contencioso-administrativo interposto pola Federación Down Galicia, contra a Orde de 10 de maio de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galiza, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/2024.

O Fallo da sentenza declara a nulidade dos apartados 2 e 3 do artigo 2 da Orde referenciada. Esta sentenza deveu firme.

Como a convocatoria para o curso 2024/25 contiña unha redacción exactamente igual e estes apartados anulados pola sentenza volvían a figurar na mesma, a Federación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Down Galicia, volveu levar esta cuestión de novo ante o xulgado, fallando este mesmo ano cunha nova sentenza xudicial estimatoria, ditada o pasado 19 de febreiro, no mesmo sentido que a anterior.

Dende o BNG presentouse no mes de marzo, ante a inacción da Consellería de Educación, unha iniciativa para reclamarlle a aplicación da sentenza na convocatoria que se publicaría este ano para o curso 2025/26, á que contestaron por escrito remitíndonos ao enlace do debate xerado en sesión parlamentaria do 26 de marzo, na que o conselleiro de Educación contestou á pregunta oral que aplicarían ambas sentenzas á hora de redactar unhas novas bases no 2025.

O pasado 15 de maio, as bases das axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o curso 2025/26, foron publicadas no DOG e malia o fallo xudicial e as argumentacións do tribunal ao respecto, nunha primeira lectura das mesmas xa queda claro que a discriminación, aínda que en menor medida, permanece en varios criterios empregados nas mesmas:

1.- As Necesidades Específicas de Apoio Educativo non recaen tan só naquel alumnado que teña unha discapacidade do 33% ou máis. Pode haber alumnado sen ese recoñecemento ou cunha porcentaxe menor.

2.- Non todo o alumnado matriculado en Educación Especial, ten recoñecemento dun 33% ou máis de discapacidade.

3.- As persoas estranxeiras en trámite de regularización da súa situación no Estado, non dispoñen aínda do recoñecemento de discapacidade, malia que cumpra os requisitos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Establecen unha diferenza entre a escolarización en Educación Especial, con 300€ sen ter en conta a renda, mentres na escolarización Ordinaria está condicionada á renda familiar e a ter unha porcentaxe de discapacidade recoñecida ao 33% ou máis.

Vista a redacción do artigo 2.b).3º, 2.d) e 2.3 da citada orde é evidente que tanto as axudas para a adquisición de libros de texto, como aquelas para adquisición de material escolar seguen sendo discriminatorias para aquel alumnado con discapacidade, acollido a unha modalidade educativa inclusiva, fronte a aqueloutro alumnado matriculado nun centro especial ou nunha unidade específica dun centro ordinario. A Consellería fixa unhas axudas suxeitas a un réxime diferenciado en función do tipo de escolarización.

Tal discriminación é arbitraria e contraria a toda a normativa educativa vixente, non só autonómica e estatal, senón tamén Europea (léase a Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade) e contravén a doutrina establecida pola xurisprudencia, quen establece claramente, a prevalencia da educación inclusiva do alumnado con discapacidade; é dicir a educación recibida en centros ordinarios e sometida aos correspondentes apoios necesarios. Asemade, a citada Orde supón unha creba do dereito á igualdade e non discriminación establecido polos artigos 14 e 27 da Constitución Española.

Por outro lado, o artigo citado (nos seus apartados 2 e 3) introduce unha clara, inxustificada e indebida confusión ao establecer un baremo fixado, agora no 33% de grao de discapacidade como criterio para outorgar o máximo importe de axuda (tanto para a adquisición de libros de texto como para o material escolar). Neste sentido, tal e como establecen as Sentenzas Xudiciais de referencia, o establecemento do grao de discapacidade conleva un “desenfoque que entraña unha distorsión”, na redacción da Orde, pois tal baremo procede dos órganos e equipos de valoración técnicos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especializados independentes da Consellaría de Educación, “sendo o seu marco normativo o Real Decreto 888/2022, de 18 de outubro (Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030), que nada ten que ver co ámbito educativo, nin é o que pode computarse para as necesidades educativas do alumnado, pois estas son as que fixan os equipos de orientación educativa dos centros, nos informes de avaliación psicopedagóxica, conforme os artigos 34 e 35 do Decreto 229/2011, de 7 de Decembro, (que regula a atención á Diversidade)”.

Pola falta de acción da Consellaría, a Federación Down Galicia veuse forzada a interpoñer outro recurso contencioso-administrativo contra a Orde de 2024 e agora ante a orde de 2025, terán novamente que presentar un novo recurso para blindar definitivamente os dereitos das persoas con discapacidade que o Goberno da Xunta de Galiza está empeñado en pisotear.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que accións pensa levar a cabo a Consellaría de Educación para garantir a gratuidade de libros de texto para todo o alumnado e, en concreto, para garantir os dereitos recollidos na normativa educativa vixente á hora de modificar a Orde do 28 de abril de 2015, que regula a participación no fondo solidario de libros de texto e as axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en E. Primaria, ESO e E. Especial en centros docentes para o curso 2025/26, acatando así as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza do 26 de xuño de 2024 e a do 19 de febreiro de 2025?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 05/06/2025 18:15:03

Cristina Fernández Davila na data 05/06/2025 18:15:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Un dos ámbitos máis sensíbeis nos que existe a LGBTfobia é nos centros de ensino. Os datos amosan que os centros de ensino galegos, ao igual que no resto do mundo, non son espazos libres de violencia LGBTfóbica.

O goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza vén sendo unha oposición a calquera avance que se poida dar nas aulas en materia de igualdade, ata o punto de chegar a suprimir a materia desa mesma temática que viña formando parte do currículo escolar. As iniciativas realizadas pola comunidade educativa parten sempre da voluntariedade do profesorado ou das ANPAs, sen que a Consellería teña dado pasos efectivos para garantir a erradicación do machismo e a LGBTfobia das aulas.

Ata tal punto que chega a vulnerar o estipulado na propia lexislación galega ao non dar cumprimento ao recollido na lei 2/2014, a pesar de ser esta unha norma con propostas que poden ser consideradas coloquialmente “de mínimos”. Tampouco se ten avanzado no novo protocolo de identidade de xénero, que segue paralizado por decisión da Administración.

Nos últimos anos veñen xurdindo diferentes estudos que sinalan a preocupante situación do ensino galego no que se refire á educación na diversidade. Análises que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mostran a violencia á que se enfrontan crianzas, profesorado e familias LGBT nos centros de ensino, sen que a Consellería de Educación teña mostrado intención de mudar a súa actuación ou enfrontar minimamente a situación. Todo o contrario, o goberno galego vén de anunciar que imporará a “neutralidade ideolóxica” en vez de garantir que promoverá a educación en valores ou a integración e desenvolvemento dos colectivos máis vulnerábeis.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte interpelación:

- É consciente o goberno galego da situación que están a atravesar as persoas LGBT nos centros de ensino galegos?
- Cal é o motivo polo cal aínda non están cumpridos os artigos referentes á educación recollidos na lei 2/2014?
- Por que o goberno galego se opón a incluír a formación afectivo sexual nos centros de ensino? Considera o goberno galego que esta formación pode non ser beneficiosa?
- Por que non se ten aplicado xa o novo protocolo de identidade de xénero no ensino?
- Ten previsto o goberno galego incrementar a formación do persoal dos centros de ensino en materia de igualdade e diversidade?
- Cales son as canles para a detección e erradicación da LGBTfobia nos centros de ensino existentes a día de hoxe?
- Está a promover a Consellería de Educación novos modelos de familia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Que considera a Consellería como “neutralidade ideolóxica” en materia de igualdade e diversidade?

– Que medidas ten contempladas para garantir centros libres de LGBTfobia?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 05/06/2025 18:28:24

Cristina Fernández Davila na data 05/06/2025 18:28:27

Daniel Castro García na data 05/06/2025 18:28:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 11:18:52
Nº Rexistro: 26931
Data envío: 06/06/2025 11:18:52.416

Asinado o día 06/06/2025 ás 11:10
Por Iago Suárez Fern

Asinado o día 06/06/2025 ás 11:10
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 06/06/2025 ás 11:10
Por Ana Pontón Mondelo

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia, sobre mobilidade sostible en Conxo.**

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta de Galiza explique canto antes en sede parlamentar a súa actuación a respecto do eixe de mobilidade sustentable en Santiago de Compostela, treito O Milladoiro-Intermodal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comezos do ano 2023 o DOG recollía o anuncio de sometemento a información pública o proxecto de trazado do eixe de mobilidade sustentable en



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, treito O Milladoiro – Intermodal. Mais un dos tramos deste proxecto suscitou unha importante polémica. O percorrido estaba previsto que discorrese entre o túnel ferroviario da liña histórica Conxo - Carril, e o paso inferior da SC - 11; é dicir, polo ámbito do antigo mosteiro de Conxo e o Bosque do Banquete.

Isto supuxo unha forte oposición, tanto desde asociacións veciñais, coma a asociación Conxo Aberto, ecoloxistas, de organismos coma o Comité español asesor do ICOMOS, ou forzas políticas, coma o propio BNG que chegou a trasladar a este Parlamento ese malestar con iniciativas para revisar o trazado e realizar un novo froito dun maior consenso e que minimizase os impactos ecolóxicos, culturais e sociais.; máis incluso a Fiscalía Europea chegou a iniciar dilixencias de investigación.

Tamén o propio concello de Santiago de Compostela presentou alegacións ao proxecto, e o pleno municipal acordou en xuño de 2024 instar a Xunta de Galiza a paralizar as obras no ámbito do Mosteiro, e a modificar o trazado da senda para que se constrúa fóra deste espazo.

Incluso un informe da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza que informaba “favorablemente” incluían unha serie de condicionantes importantes no interior da finca do antigo Mosteiro de Conxo que en realidade impedían a intervención prevista polo goberno galego neste ámbito. Ese mesmo informe consideraba que as obras eran incompatibles coa protección do patrimonio cultural e a conservación dos seus valores, e incompatibles desde o punto de vista arqueolóxico.

Ademais, o trazado previsto afecta negativamente e é totalmente incompatible coas metas do proxecto municipal do Restauración do ecosistema fluvial e creación dun bosque de saúde no río Sar, ao seu paso polo Banquete de Conxo (Eco-Bosque), anterior ao proxecto do eixo de mobilidade sostible, e financiado con fondos NextGenerationUE.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con todos estes condicionantes, a Xunta de Galiza decidiu deseñar un novo trazado que, atravesando igualmente o ámbito do antigo mosteiro, desprazaríase ata ocupar parcialmente o aparcadoiro do hospital de Conxo. Este novo trazado foi informado desfavorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, mediante informe de data 12 de maio de 2025.

Mais tras a anulación dese proxecto por parte dun organismo da propia administración da Xunta de Galiza, a Consellería de Infraestruturas anunciou, a través dunha nota de prensa, a súa vontade de deixar en suspenso ese tramo e dar continuidade ao itinerario ciclista polas rúas Benéfica e Ramón Baltar. Así mesmo, fixo pública a súa vontade de destinar a outros municipios distintos a Santiago de Compostela o aforro resultante sobre a actuación inicialmente prevista.

Por todo o exposto anteriormente, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Ten previsto o executivo galego abrir unha mesa de diálogo co concello de Santiago de Compostela na que tamén teñan presenza os colectivos sociais para a elaboración dese trazado de mobilidade sostíbel?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2025 11:10:01
Iria Taibo Corsanego na data 06/06/2025 11:10:22
Iago Suárez Fernández na data 06/06/2025 11:10:29
Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2025 11:10:39
Cristina Fernández Davila na data 06/06/2025 11:10:47
Mercedes Queixas Zas na data 06/06/2025 11:11:06
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/06/2025 11:11:23
Alexandra Fernández Gómez na data 06/06/2025 11:11:47
Ramón Fernández Alfonso na data 06/06/2025 11:12:03
María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2025 11:12:17
Óscar Insua Lema na data 06/06/2025 11:12:40
Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/06/2025 11:12:56
Sonia Vidal Lamas na data 06/06/2025 11:13:09
Carmela González Iglesias na data 06/06/2025 11:13:27
Daniel Pérez López na data 06/06/2025 11:13:40
José Manuel Golpe Acuña na data 06/06/2025 11:14:11
Secundino Fernández Fernández na data 06/06/2025 11:14:28
Iria Carreira Pazos na data 06/06/2025 11:14:42
Ariadna Fernández González na data 06/06/2025 11:15:05
Rosana Pérez Fernández na data 06/06/2025 11:15:26
Paulo Ríos Santomé na data 06/06/2025 11:15:48
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/06/2025 11:16:01
Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2025 11:16:18
Luis Bará Torres na data 06/06/2025 11:16:38
Daniel Castro García na data 06/06/2025 11:16:50



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2025 11:18:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 11:18:52
Nº Rexistro: 26931
Data envío: 06/06/2025 11:18:52.416

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:03:26
Nº Rexistro: 26944
Data envío: 06/06/2025 13:03:26.597

Asinado o día 06/06/2025 ás 12:58
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia, sobre a dragaxe do esteiro do río Lérez**

Asinado o día 06/06/2025 ás 12:57
Por Daniel Castro García

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada na necesidade de que o Goberno galego adopte coa máxima urxencia as medidas precisas para comezar a dragaxe do río Lérez.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos.

Asinado o día 06/06/2025 ás 12:57
Por Ana Pontón Mondelo





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Despois de 14 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteproxecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

No mes de abril de 2019, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo. A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño de 2019, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

A Comisión 2 do parlamento galego aprobou por unanimidade o 15 de xaneiro de 2020 o seguinte acordó: "O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar una proposta para a retirada e tratamento en terra dos lodos procedentes da dragaxe da canle do río Lérez que pola súa potencial carga contaminante ou prexudicial non sexan susceptíbeis de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría."





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Malia estes acordos, tanto a conselleira do Mar como a directora de Portos de Galicia seguen defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotan a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.

O 27 de abril de 2021 a directora de Portos de Galicia reuniuse coas confrarías da ría de Pontevedra e informounas de que o proxecto sufriría un novo retraso pola decisión do goberno central de non autorizar novos vertidos no depósito da ría de Arousa.

En febreiro de 2023 o presidente da Xunta e a conselleira de Economía visitaron o Clube Naval e o presidente da Xunta puxo excusas para xustificar a paralización do proxecto.

Para o BNG, a paralización deste proxecto e as excusas para xustificala son un insulto a todas as institucións e entidades que levan máis de 14 anos demandando este proxecto fundamental para a rexeneración do fondo da ría e da canle do Lérez, para favorecer a navegabilidade do río e para garantir a operatividade do porto deportivo de Pontevedra.

En consecuencia, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Ten previsto a Xunta impulsar o proxecto de dragaxe do río Lérez, tomando como referencia os acordos parlamentares unánimes de xuño de 2019 e xaneiro de 2020?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2025 12:57:46
Daniel Castro García na data 06/06/2025 12:57:55
Luis Bará Torres na data 06/06/2025 12:58:03
Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2025 12:58:09
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/06/2025 12:58:15
Paulo Ríos Santomé na data 06/06/2025 12:58:23
Rosana Pérez Fernández na data 06/06/2025 12:58:34
Ariadna Fernández González na data 06/06/2025 12:58:47
Iria Carreira Pazos na data 06/06/2025 12:58:54
Secundino Fernández Fernández na data 06/06/2025 12:59:07
José Manuel Golpe Acuña na data 06/06/2025 12:59:14
Daniel Pérez López na data 06/06/2025 12:59:22
Carmela González Iglesias na data 06/06/2025 12:59:32
Sonia Vidal Lamas na data 06/06/2025 12:59:43
Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/06/2025 12:59:57
Óscar Insua Lema na data 06/06/2025 13:00:05
María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2025 13:00:11
Ramón Fernández Alfonso na data 06/06/2025 13:00:20
Alexandra Fernández Gómez na data 06/06/2025 13:00:30
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/06/2025 13:00:36
Mercedes Queixas Zas na data 06/06/2025 13:00:49
Cristina Fernández Davila na data 06/06/2025 13:00:58
Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2025 13:01:07
Iago Suárez Fernández na data 06/06/2025 13:01:14
Iria Taibo Corsanego na data 06/06/2025 13:01:19



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/06/2025 13:03:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2025 13:03:26
Nº Rexistro: 26944
Data envío: 06/06/2025 13:03:26.597

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González , Sonia Vidal Lamas e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a produción de cereal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os acontecementos que levamos vivido no noso pasado máis recente, no tocante á saúde pública, aos conflitos internacionais e á deriva do mercado global e as súas tensións, son unha boa mostra da importancia da soberanía alimentaria cara a que os pobos, tamén Galiza, deben camiñar. Todos estes feitos deixaron en evidencia a dependencia que o noso país ten na importación de insumos, tanto para o abastecemento humano coma animal, e que en moitos casos non sería preciso de aproveitar os nosos recursos de xeito sustentable e responsable.

Galiza conta na actualidade con escasas 29.000 hectáreas dedicadas ao cultivo de cereal e gran, das cales só son destinadas ao trigo 14.000 e onde os cultivos ecolóxicos representan o 1% do total, converténdonos nuns grandes importadores. A nosa colleita non é abonda para satisfacer a demanda propia, coa necesidade de mercar dous terzos do cereal en cuestión, materia prima imprescindible na alimentación do país a través dos seus produtos derivados, entre os que destaca o pan, de grande tradición na Galiza. Tanto é así que a nosa produción interna acada 33 mil de toneladas, unhas cantidades amplamente insuficientes ao comparalas coas 270 mil precisas tan só para satisfacer a alimentación humana. Desta forma, teríamos a capacidade de facerlle fronte unicamente ao 12% do consumo de trigo en Galiza para alimentación das persoas, co que iso implica a nivel da elevada vulnerabilidade do noso sistema actualmente.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Estes datos reflicten a nosa mínima SAU, con só 345.000 hectáreas dedicadas a cultivos que se traducen nun sistema alimentario moi afastado da resiliencia necesaria. A grande posibilidade de mellora reside no aproveitamento das terras, moi escaso baseándonos en datos concretos da SAU galega, que se sitúa entre o 21-25% da superficie total, en contraposición co que ocorre no resto do estado español, onde se sitúa por enriba do 51%.

A recuperación de zonas improdutivas é imprescindible, co obxectivo final de aumentar o autoabastecemento e darlle visibilidade a presenza de opcións diferentes ás dos cultivos forestais para os nosos terreos de monte, favorecendo a competitividade e a seguridade do noso sistema alimentario e servindo tamén como revulsivo para o rural ao combatendo a súa despoboamento a través da xeración de oportunidades para as xeracións actuais e vindeiras.

O trigo galego leva sendo estes últimos anos obxecto de grande interese por parte das nosas panaderías, que importan miles de toneladas de faríña anualmente para abastecer a demanda da poboación, cuxo consumo de pan, a pesares de descender un 18% na última década, continúa a ser moito maior que noutras rexións, chegando aos 37 quilos por persoa e ano. No noso país prodúcese tan só o 0,46% do trigo do estado español, cunha evolución nos últimos 50 anos que deixou unha mingua considerable da superficie dedicada a este cereal, ata acabar coa metade da que tiñamos noutro tempo.

Dentro dos motivos polos que esta produción foi a menos de xeito paulatino encontramos as eivas habituais en todas as variantes do sector primario, tales coma o elevado parcelamento polo carácter minifundista e a competencia entre este cereal e cultivos forestais coma os do eucalipto, cos que compiten polo uso das parcelas de monte. Mais non son só esas as problemáticas ás que se enfrontan os agricultores, que deben asumir que o seu cultivo pode estar afectado polos danos causados polo xabaril e que existen grandes problemas no momento do secado e a conservación do gran, derivados da



humidade propia do noso clima, unha conservación que marca a diferenza na calidade do produto que se lle oferta aos compradores. A todo iso hai que engadir a falla de infraestruturas de almacenaxe, que dan lugar a unha dependencia da recollida de todo o volume xerado no momento da colleita, polo que comezar co cultivo xera grandes dúbidas nos posibles agricultores, así coma nos que xa están a levalo a cabo.

Como consecuencia destas deficiencias e a feble garantía na rendibilidade, en Galiza a produción de trigo pasou de algo máis de 70.000 toneladas a principios dos anos 90 a ser menos da metade no 2019, sen chegar ás 35.000, reducíndose o cultivo drasticamente. As variedades locais non desapareceron grazas á existencia dunha agricultura non profesionalizada en parcelas pequenas, cunha dedicación por parte dos propietarios a tempo parcial. Porén, a presión exercida pola introdución nos anos 80 de cultivares comerciais máis produtivos e homoxéneos provocou moito do abandono das nosas variedades locais, diminuindo a diversidade xenética presente no territorio.

A pesares desta substitución, debemos salientar que as variedades locais contan con vantaxes en distintos aspectos, entre as que cabe destacar a maior capacidade adaptativa ao medio, a resistencia a patóxenos, ou a menor necesidade de insumos para obter unha maior calidade final da colleita, por un maior contido proteico do gran. Todas estas características son as que presentan o trigo Caaveiro e o Callobre, dúas variedades locais de trigo brando moi apreciadas para a elaboración de pan. O seu cultivo ecolóxico da lugar ao que parece un rendemento menor se só cuantificamos as toneladas recollidas, máis que amosa ao mirar máis alá da cantidade, que o prezo é maior, cunha demanda elevada na actualidade. A produción de trigo ecolóxico en Galiza é un 8% máis rendible que a convencional, asociada a unha menor contía derivada dos custos asociados, deixando unha mellor marxe de beneficio para o agricultor.

Por tanto, non debemos esquecer a importancia destes cultivos de variedades locais en ecolóxico, garantirían maiores beneficios para a saúde e o medio ambiente, pero





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

tamén son considerados coma unha oportunidade de aproveitamento do territorio, conferíndolle ao noso produto unha boa imaxe, tan valorizada no mercado actual e que redundarían na economía xerada no rural do país, polo cal o apoio a este tipo de produtos sería chave na nosa soberanía alimentaria e na nosa economía.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Prevé a Xunta de Galiza poñer en marcha un Plan de recuperación de zonas de aptitude cerealísticas que permita o aproveitamento de terras improdutivas e o achegamento a través da produción de variedades locais de trigo con cultivos convencionais e en ecolóxico ao autofornecemento deste cereal?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 29/05/2025 19:42:54

Sonia Vidal Lamas na data 29/05/2025 19:43:18

Secundino Fernández Fernández na data 29/05/2025 19:43:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26505
Data envío: 29/05/2025 19:47:29.868

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/05/2025 19:47:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26505
Data envío: 29/05/2025 19:47:29.868

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 10:35:20
Nº Rexistro: 26522
Data envío: 30/05/2025 10:35:20.562

Asinado o día 30/05/2025 ás 09:21
Por Noa Presas Bergi.

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago Suárez Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a construción do Parque acuático no concello de Monterrei, en Ourense.

Asinado o día 30/05/2025 ás 09:21
Por Iago Suárez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2016, apenas 15 días antes da celebración de eleccións ao Parlamento de Galiza, Alberto Núñez Feijoo, na súa condición de Presidente da Xunta, prometeu a construción dun parque acuático para Ourense, que se situaría no complexo deportivo de Monterrei, no concello do Pereiro de Aguiar.

Non foi ate 3 anos despois da promesa cando a Fundación Deporte Galego asinou un contrato coa mercantil Amusement Logic, S.L. para a realizar dun informe sobre a viabilidade do proxecto anunciado, así como a determinación do seu concreto contido e das fases para a súa execución.

O proxecto informado pola empresa contratada contemplaba a súa construción en fases, concretamente en 3, a fin de que dende o primeiro momento o parque puidera ser utilizado sen problemas e que o desenvolvemento de cada fase non impedira o funcionamento do parque.

En concreto o proxecto se dividiría en tres fases, a primeira que incluía “un conxunto de espectaculares atraccións, composta por un tobogán “Río Aventura” con 104 m. de percorrido, un espectacular “Agujero Negro” de 97 m., un tobogán “Caída libre” de 59 m. e un “Hidrotubo” de 88 m. de longo.

Asinado o día 30/05/2025 ás 09:21
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Seguindo o percorrido atoparíase a “grande zona familiar”, cunha piscina de ondas e unha piscina de relax conectadas a través do denominado “río lento”.

A segunda fase consistiría na zona infantil composta por unha zona “Splash Pad” e unha grande piscina, executada por adaptación das existentes.

A terceira e última fase incluíría un “espectacular Black Hole” de 80 m. de recorrido e de máis de 12 m. de altura, e un tobogán multipista de 5 rúas e cunha altura de saída de máis de 8m.

O importe do proxecto importaría a suma de 7.285.489 € (4.244.808€, 801.115 € e 2.239.596 €, respectivamente.

Non é ate setembro de 2020 cando se inicia o proceso para a contratación do servizo de redacción do proxecto de construción, licitado consonte aos criterios do informe previo e adxudicado á empresa Naos 04 Arquitectos, S.L.P. o 30 de decembro de 2020. Proxecto que consonte ao contrato asinado en febreiro de 2021 debía estar executado, nas súas catro fases, no prazo improrrogable de 17 semanas.

A construción da 1ª fase foi adxudicada en setembro de 2021 en máis de 4,7 M€ e cun prazo de execución de 8 meses. Paralizada a execución das obras por parte da adxudicataria no mes de marzo de 2022 -6 meses após a adxudicación- a Xunta non procedeu á resolución do contrato ate o mes de setembro. Durante todo o verán e en contra do analizado no seu día, toda a zona acuática do Complexo Deportivo de Monterrei estivo pechada ao uso da cidadanía.

Non é ate o mes de xaneiro de 2023 cando se formaliza a continuación das obras de construción da 1ª fase, por un importe de 5.676.246,27€ e cun prazo de adxudicación de 6 meses. Transcorrido o prazo previsto tampouco neste caso estivo rematada a obra, polo que a cidadanía de Ourense viuse privada boa parte do verán do acceso ao espazo acuático, non acordando a Xunta a súa apertura parcial ata ben iniciado o mes de agosto.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O pasado día 21 de maio formalizáronse o contrato para a construción da 3ª e 4ª fase o Parque Acuático no Complexo Lúdico Deportivo de Monterrei coa empresa S.A. de Obras y Servicios, COPASA, por un importe de 1.845.976 € e cun prazo de execución de 8 meses.

Rematada este contrato restaría a fase 2 resultando, unha vez executada, un parque moi inferior ao concibido e prometido inicialmente e cuxo financiamento, segundo as últimas manifestacións do Secretario Xeral de Deportes, será realizado pola Xunta de Galiza e pola Deputación Provincial de Ourense ao 50 %.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

En que momento e por que razón a Xunta de Galiza decidiu reducir o proxecto inicialmente proposto e limitar o financiamento autonómico na construción do Parque Acuático de Monterrei no concello do Pereiro de Aguiar?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/05/2025 9:21:25

Iago Suárez Fernández na data 30/05/2025 9:21:32

Noa Presas Bergantiños na data 30/05/2025 9:21:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 10:35:20
Nº Rexistro: 26522
Data envío: 30/05/2025 10:35:20.562

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/05/2025 10:35:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 10:35:20
Nº Rexistro: 26522
Data envío: 30/05/2025 10:35:20.562

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao novo contrato de servizos asinado entre o Sergas e o hospital privado Povisa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O PP volveu á Xunta en 2009 coa firme decisión de contribuír á estratexia do neoliberalismo de asaltar o público para engordar a conta de resultados das empresas.

E leva 16 anos servíndose da Xunta para poñerlle en bandexa os recursos de Galiza ao gran capital; fomentando o espolio enerxético, financeiro, recursos naturais... e dos servizos públicos.

Como fieis executores desta estratexia puxéronse mans á obra de inmediato para realizar o asalto, deseñando e executando todo para garantir o máximo negocio ás empresas ás que se lle foron adxudicando máis e máis servizos. Empresas privadas de fóra de Galiza, fondos de investimento que parasitan máis e máis o noso sistema sanitario.

Á Área Sanitaria de Vigo é o maior expoñente desta política. Todas as decisións tomadas polo PP na Xunta de Galiza con respecto á Área Sanitaria de Vigo foron na dirección de condicionala para garantir a súa dependencia da sanidade privada,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O primeiro asalto foi a construción do Álvaro Cunqueiro, multiplicaron o orzamento, 470 millóns de euros máis, para facer un hospital máis pequeno, con menos servizos e en mans dunha multinacional até o 2035.

Os concertos con hospital POVISA son outra das patas da estratexia. O Sergas ven mantendo con este hospital o concerto máis caro, xa non da sanidade pública de Galiza, senón de todo o Estado español, polo cal realiza a prestación dos servizos de asistencia hospitalaria de miles de veciños e veciñas dos centros de saúde dos concellos de Cangas, Moaña, Baiona, Nigrán, Gondomar e aqueloutros e parte do concello de Vigo, no que traballan arredor de 1.400 profesionais.

O PP actuou permanentemente de valedor dos propietarios de Povisa, primeiro Silveira, cando este procedeu a vendala á multinacional de Estados Unidos, Centene, por un prezo de ganga, non fixo nada por adquirir o hospital, nin cando de novo esta multinacional volveu vendela a outra multinacional, neste caso a francesa Vivalto Santé.

Neste contexto o Partido Popular na Xunta de Galiza, non ten traballado para crear infraestrutura propia que permita que toda a poboación da Área Sanitaria reciba atención nun centro público.

O 10 de abril o Sergas asinou un contrato de servizos con Povisa, baixo a fórmula de negociado sen publicidade, é dicir só se puido presentar este hospital por unha cantidade de 97.5 millóns de euros anuais cunha duración de dous anos.

A día de hoxe non se coñece o contido deste contrato de servizos, que supón un aumento de máis do 16%, por menos poboación atendida, 116 mil, e por menos prestacións.

Diversos medios de comunicación teñen publicado tanto a ausencia de profesionais como por exemplo que na actualidade só hai tres profesionais de cardiología para atender todas as persoas doentes do centro hospitalario, urxencias,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

consultas, hospitalización... como que determinados profesionais doutros hospitais, sobor de todo de Valencia, veñen algúns días a realizar intervencións a Povisa, a doentes que non coñeces e aos que non fan seguimento posterior.

Neste contexto a multinacional Vivalto Santé, ven de anunciar cambio de dirección do centro hospitalario e que a mesma vai ser asumida directamente pola multinacional e a centrarse no “mercado” do Estado.

É unha evidencia de que o PP actúa permanentemente para capitalizar máis a máis á empresa, para que as sucesivas vendas do centro sexan cada vez máis lucrativas, para as multinacionais que se dedican a facer negocio coa saúde.

Povisa é un saco sen fondo onde a Xunta destina cada ano máis e máis cartos sen ningunha transparencia, constatándose que eses incrementos van a engordar a conta de resultados da multinacional e non a mellorar a calidade asistencial nin as condicións laborais das e dos profesionais.

O PP leva 16 anos aplicando en Vigo a fórmula do neoliberalismo, poñer a ganancia e o negocio por enriba do benestar e a saúde da poboación. Cantos máis cartos lle entrega o PP ás empresas privadas que se lucran coa sanidade peor sanidade pública, peor atención á poboación. Os resultados están á vista, a atención na Área Sanitaria de Vigo é das peores de Galiza e empeorando cada ano: 73.700 persoas en lista de espera hospitalaria.

Os galegos/as temos dereito a saber cantos cartos, para que e como destina o Sergas ao hospital Povisa, razón pola cal se formula a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón de que o Sergas non faga público o novo contrato de servizos asinado con Povisa por un importe de 97.5 millóns de euros anuais?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Alexandra Fernández Gómez

Carmela González Iglesias

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/05/2025 11:13:11

Iria Carreira Pazos na data 30/05/2025 11:13:26

Alexandra Fernández Gómez na data 30/05/2025 11:13:45

Carmela González Iglesias na data 30/05/2025 11:13:57

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 30/05/2025 11:14:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 11:16:08
Nº Rexistro: 26533
Data envío: 30/05/2025 11:16:08,361



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/05/2025 11:16:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 11:16:08
Nº Rexistro: 26533
Data envío: 30/05/2025 11:16:08,361

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 11:29:53
Nº Rexistro: 26540
Data envío: 30/05/2025 11:29:53,994

Asinado o día 30/05/25
11:27
Por Iria Carreira Pazo

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os incrementos de custos das obras do Novo Hospital de Montecelo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de marzo de 2021 a Axencia Galega de Infraestruturas adxudicou a obra da “Fase 1 da ampliación e reforma do Hospital de Montecelo”, actuación coñecida como Novo Montecelo. A obra foi adxudicada á UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA - PUENTES Y CALZADAS INFRAESTRUCTURAS - OGMIOS PROYECTO por valor de 121.874.578,26 € e un prazo de execución de 42 meses, período que rematou a finais de 2024.

No mes de marzo de 2024, con motivo da inauguración do vial perimetral, o responsábel da área sanitaria Pontevedra-Salnés anunciou o remate das obras para finais de 2024 e que o novo hospital estaría operativo no verán de 2025.

Outro dos anuncios que fixo naquela altura o xerente, segundo se recolle nos medios de comunicación, foi a previsión de que “a finais deste 2024 estea en marcha o proceso de licitación do arranxo do antigo Hospital Montecelo para que se acometa a obra cando entre en funcionamento a nova instalación do Gran Montecelo”.

Ademais, segundo recolle a prensa, “Sinalou que, a mediados de 2025, tamén se trasladarán a este novo espazo hospitalario todas as consultas externas que actualmente permanecen na Casa do Mar de Mollavao, centro que quedará pechado, sen actividade asistencial”.

Asinado o día 30/05/2025 ás
11:27
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 30/05/2025 ás
11:27
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Do acontecido até o momento fica claro o incumprimento dos prazos para o remate da obra do Novo Montecelo, para a entrada en funcionamento deste hospital e para a licitación da reforma do antigo Montecelo. Hai outras actuacións complementarias como a da cafetaría ou o estacionamento soterrado que aínda van máis atrasadas xa que aínda non foron licitadas.

Por outra parte, en relación co custo da obra do Novo Montecelo, non existe información oficial sobre os sobrecustos da mesma. De novo informacións xornalísticas sinalan, citando fontes da Xunta, que o custo do novo hospital situaríase nos 170 millóns de euros, con incrementos relacionados co encarecemento dos materiais e os modificados do proxecto. Se sumamos o custo da reforma do “vello” Montecelo (40 millóns), os 50 do equipamento do novo hospital, o custo das obras da cafetaría e do estacionamento, as expropiacións, a construción de viais e a dotación de servizos (o concello cifra as súas achegas en máis de 16 millóns de euros) o custo total do complexo superaría claramente os 300 millóns de euros.

Resulta necesario, pois, que a Xunta actúe coa máxima transparencia e informe á cidadanía e ao parlamento dos custos reais da obra e dos prazos para a entrada en funcionamento do Novo Montecelo, a reforma do vello Montecelo, o traslado de servizos desde a Casa do mar e o Hospital Provincial e as previsións a respecto da continuidade da actividade sanitaria no Provincial e a necesidade de realizar obras de acondicionamento e mellora neste centro.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que datos ten a Xunta sobre o custo total da obra civil do Novo Hospital de Montecelo e a que se debe o incremento do custo?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 30/05/2025 11:27:01

María Montserrat Prado Cores na data 30/05/2025 11:27:21

Iria Carreira Pazos na data 30/05/2025 11:27:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 11:29:53
Nº Rexistro: 26540
Data envío: 30/05/2025 11:29:53,994

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/05/2025 11:29:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 11:29:53
Nº Rexistro: 26540
Data envío: 30/05/2025 11:29:53,994

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Carlos López Font e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O acceso a unha vivenda digna converteuse nun dos principais problemas sociais e económicos en moitas zonas de España, especialmente en grandes cidades e zonas turísticas.

Os factores que explican esta situación son a subida de prezos de aluguer e compra, moi por encima dos salarios, falta de vivenda pública ou social en comparación con outros países europeos, especulación inmobiliaria e presenza de fondos de investimento, uso de vivendas para aluguer turístico reducindo a oferta para residentes, a existencia de zonas moi tensionadas fronte a outras con menor presión.

A Lei de vivenda 12/2023, a primeira lei estatal de vivenda en democracia, ten como obxectivo garantir o dereito a unha vivenda digna e alcanzable con estratexias como límites ao prezo do aluguer en zonas tensionadas, definición do gran tenedor, persoa ou entidade, con máis de 10 vivendas, obriga a unha porcentaxe de vivenda protexida nos desenvolvementos urbanos, reforza as garantías de persoas vulnerables nos desafiuzamentos, regula o aluguer a través de medidas como actualizacións de alugueres limitadas, obrigación de asumir gastos de xestión por parte do propietario ou incentivos fiscais para pequenos propietarios que baixen os prezos e, por último, establece a posibilidade de declarar zonas tensionadas aquelas en que o esforzo económico para pagar o aluguer supera o 30 % dos ingresos medios ou o prezo da vivenda subiu máis dun 3 % por encima do IPC nos últimos 5 anos.





As zonas tensionadas poden ser solicitadas polos concellos e deben ser declaradas polas comunidades autónomas. A declaración de zonas tensionadas permite limitar os prezos do aluguer, obrigar aos grandes tenedores a ofrecer aluguer social en caso de desafiuzamento e ter acceso a medidas especiais de apoio ou financiamento.

Esta declaración depende das comunidades autónomas, que teñen a competencia, pero lamentablemente o PP e outras formacións como VOX, que cogoberna en varias comunidades autónomas, rexeitaron frontalmente a Lei de vivenda e calquera medida de intervención pública no mercado do aluguer que, ao seu xuízo, resólvese incentivando a oferta, non controlando prezos.

O PP de Galicia non é unha excepción opoñéndose á Lei de vivenda pero non aos fondos que proveñen do Goberno central para as políticas de vivenda man mais ou menos oculto nas distintas convocatorias.

Un exemplo desta oposición ás medidas da lei de vivenda é o rexeitamento por parte da Xunta de Galicia á solicitude de zona tensionada presentada polo Concello da Santiago o 26 de maio de 2025, sendo o segundo concello galego en solicitalo, logo do Concello da Coruña.

Pola súa banda, por parte do voceiro socialista no concello de Santiago solicitouse á Xunta de Galicia que se axilizase ao máximo a tramitación da petición da cidade como mercado tensionado dentro do prazo legal de seis meses no marco das medidas para facilitar o acceso á vivenda, sobre todo das e dos mozos, por unha "cuestión ideolóxica".

En opinión do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por parte da Xunta de Galicia hai unha vontade inequívoca de “torpedear” esta declaración de mercado tensionado na capital de Galicia, en consonancia coas directrices emanadas de Génova, declararse en rebeldía na aplicación da lei de vivenda





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 11:38:19
Nº Rexistro: 26545
Data envío: 30/05/2025 11:38:19.132

estatal, así como de calquera medida de apoio á política de vivenda que se faga desde os concellos. De feito a anterior conselleira chegou a declarar que a lei non se podía aplicar xa que estaba recorrida ao Tribunal Constitucional, a vicepresidenta segunda da Xunta de Galicia, Ángeles Vázquez, que "hai enriba da mesa recursos de inconstitucionalidade" respecto a Lei de vivenda para xustificar a súa negativa a tramitar a petición que estaba a preparar o Concello de Santiago.

Queda claro que o goberno da Xunta de Galicia non lle preocupa o tema da vivenda máis alá dos réditos electorais e de oposición ao Goberno central, cando é un tema que debería estar á marxe das loitas partidarias, é un dos grandes problemas da sociedade actual en toda Europa, e onde a colaboración de todas as administracións debía ser un dos obxectivos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten previsto a Xunta de Galicia oporse ás solicitudes do Concello de Santiago de zonas tensionadas de aluguer para tentar limitar o incremento do prezo do aluguer que está a dificultar o acceso ao aluguer, sobre todo pola xente moza?

Santiago de Compostela, a 30 de maio do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/05/2025 11:36:34

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

88583

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 11:38:19
Nº Rexistro: 26545
Data envío: 30/05/2025 11:38:19.132

Carlos López Font na data 30/05/2025 11:36:42

Paloma Castro Rey na data 30/05/2025 11:36:49

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

88584

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á demanda ao Goberno Galego do respecto ao dereito fundamental á participación política dos/das deputados/as do Parlamento de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 8 de maio de 2025 a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo ditou sentenza nun procedemento de protección xurisdiccional de dereitos fundamentais, en concreto sobre o dereito á participación política recoñecido no art.23 da Constitución vixente, na que consideraba que a non remisión polo Goberno do Estado dos máis de 4.000 informes solicitados pola senadora constituía unha vulneración do dereito fundamental invocado, polo que no fallo da resolución xudicial o tribunal recoñecía o dereito da representante pública a que o Goberno no prazo de 30 días lle entregase a información solicitada.

A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo considera que a negativa do Goberno a remitir á senadora os máis dos 4.000 informes solicitados supón unha vulneración do núcleo esencial do función representativa que xunto co exercicio da función lexislativa, constitúe o dereito ao control da acción do Goberno.

A cidadanía exerce o seu dereito fundamental á participación política a través das súas representantes democraticamente elixidas nos distintos procesos electorais, sendo as representantes así escollidas a quen corresponde o exercicio efectivo do dereito fundamental invocado. Trátase dun dereito de configuración legal polo que para a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

determinación do seu concreto alcance debemos estar as normas que o desenvolven, e a este respecto podemos apreciar a completa analoxía entre o disposto no art.20.2 do Regulamento do Senado coa regulación contida no art.9 do Regulamento do Parlamento de Galiza polo que as consideracións realizadas polo Tribunal Supremo na sentenza aludida son plenamente aplicábeis á Cámara Galega.

Certamente os criterios contidos polo Tribunal Supremo na Sentenza do pasado do 8 de maio non son opara novidosos, senón que son coherentes e seguen a liña xurisprudencial xa marcada no século pasado, tanto polo Tribunal Constitucional como polo propio Tribunal Supremo. Realidade que ben lle consta ao Partido Popular, pois foi unha senadora do grupo popular que invocou esta doutrina na interposición do recurso contencioso-administrativo pola vulneración do dereito fundamental ao negarse o Goberno do Estado a remitiren os máis de 4.000 informes solicitados ao Ministerio de Facenda e Función Pública. Xa que logo, resulta “chamativo” que o mesmo Partido Popular que coñece e demanda -con razón- o respecto a este dereito democrático fundamental, sexa o mesmo que dende a Xunta de Galiza estea a vulneralo e ignoralo en Galiza, obviando e incumprindo as solicitudes de información e documentación que se realizan dende o Parlamento de Galiza.

Por todo o exposto, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno Galego que os criterios contidos na Sentenza de 8 de maio de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo é aplicábel á Xunta de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Oscar Insua Lema
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/05/2025 12:37:24

Óscar Insua Lema na data 30/05/2025 12:37:40





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o novo centro de saúde de Fisterra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Fisterra hai máis de vinte anos que leva esperando por un novo centro de saúde de atención primaria. Dende polo menos o ano 2005, o ente fisterrán leva ofrecendo diversas parcelas para que a consellería de Sanidade constrúa un edificio de servizos sanitarios accesible, funcional e adaptado á normativa técnica.

Falouse de construílo no centro de Fisterra, ao lado da antiga cofradía, pero a pendente existente e as reducidas dimensións da parcela para futuras ampliacións, descartaron esa posibilidade. Logo tocoulle á parcela ao lado da igrexa de Santa María das Areas, cedida pola rectoral, para edificar un local cunha superficie de 1.600 metros cadrados. Logo o concello ofreceu a praza colindante coa planta inferior do concello, despois tocaríalle á finca municipal que posúen no lugar de san Roque, e finalmente falouse da remodelación do propio edificio do ISM onde se localizan hoxe as instalacións de medicina familiar ou de construílo en fronte, nun terreno pertencente á portos de Galiza.

No 2006, o Sergas tiña orzamentado 600.000 € para financiar a construción do citado centro de saúde, mais a falla de acordo da ubicación demorou a súa construción. No ano 2010, a exconselleira de Sanidade Pilar Farjas, visitaba en Fisterra a posible ubicación do futuro centro, e sinalaba como lugar idóneo, a zona en fronte da igrexa de

Asinado o día 30/05/2025 ás
13:05
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 30/05/2025 ás
13:05
Por Oscar Insua Lema



Santa María das areas, prometendo telo feito e rematado ao longo do ano 2011, mais “pasou o día, e pasou a romería”.

No ano 2011, o 17 de xaneiro, o partido popular fixo un despregamento de medios, novamente coa exconselleira de Sanidade, Pilar Farjas e co presidente de portos de Galiza, José Manuel Álvarez-Campana, para anunciar a sinatura dun convenio de colaboración para axilizar a tramitación da construción do novo centro médico, entre os dous organismos e o concello de Fisterra. Daquela, a Conselleira anunciara que o Servizo Galego de Saúde destinaría 1,5 millóns de euros para construír o novo centro de saúde de Fisterra, cuxo plan funcional incluía catro consultas de medicamento xeral e unha de pediatría, cinco de enfermaría, unha sala polivalente, outra de toma de mostras e unha terceira de técnicas. Pilar Farjas, aseguraba en Fisterra que o obxectivo era que o novo edificio, se construíría na zona portuaria, fronte á casa consistorial e ao actual consultorio, e quedaría finalizado naquel mesmo ano. O certo é que ese convenio que se presuntamente asinaron as tres partes, nin foi publicado, nin se materializou, nin na zona de portos nin en ningún outro espazo, todo foi propaganda, pura e dura.

O centro de saúde segue no mesmo sitio, no edificio do Instituto social da Mariña construído hai máis de corenta anos, con espazos vellos e obsoletos tanto para as consultas como para atender aos doentes nas condicións desexables. Un edificio que carece de accesos para persoas con discapacidade, xa que teñen que utilizar o ascensor do concello, edificio colindante, que se instalou na última reforma, e no cal non cabe unha padiola. Os accesos que posúe son unicamente por medio de escaleiras, dado que se sitúa nunha terceira planta, e o acceso que ten se elas é mediante unha pendente en caracol cun ancho que non chega ao metro.

Despois do paso pola alcaldía do Partido Popular e do esquecemento destas instalacións, os distintos gobernos municipais de Fisterra desde 2015 veñen reclamando a construción do mentado centro de saúde, e ofrecendo distintos terrenos municipais para a





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

súa futura ubicación, sen que a Xunta de Galiza teña orzamentado nin un só euro para tal menester, indicativo do grandísimo interese e empeño que pon o goberno galego no asunto.

E unha constante a preocupación da veciñanza do Fisterra, para que este proxecto poida ser unha realidade algún día, e compre darlle solución a esta inquietude. No proxecto de Orzamentos da Xunta de Galiza, a Consellería deixaba aberta a porta a novas inversións naqueles Concellos que avancen axeitadamente, na posta a disposición dos terreos necesarios, como é o caso que nos ocupa.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que previsión ten o Goberno galego para a construción do centro de saúde de atención primaria no concello de Fisterra?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 30/05/2025 13:05:18

María Montserrat Prado Cores na data 30/05/2025 13:05:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 13:08:10
Nº Rexistro: 26557
Data envío: 30/05/2025 13:08:10.154

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/05/2025 13:08:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 13:08:10
Nº Rexistro: 26557
Data envío: 30/05/2025 13:08:10.154

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as Tulla de Fafián.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A riqueza patrimonial da comarca do Deza- Tabeirós e Terra de Montes está conformada por diferentes piares, todos eles de enorme valor e entre os que atopamos pazos, mosteiros, pontes, mámoas e castros, igrexas e capelas, e un innumerable abano de monumentos que, dende outros tempos nos veñen a lembrar a nosa importancia como país no noso conxunto e como comarca dentro deste.

Un deses valores patrimoniais, a Tulla de Fafián, está situado no concello de Rodeiro, incluído no ano 1992 pola dirección xeral de Patrimonio, canda a Ponte de Pedroso, ou os Pazos de Trasulfe e Camba entre os bens do legado patrimonial do municipio, feito que non evitou a súa degradación ate o presente por falla investimentos na súa mellora. Este estado de abandono dou pé a que no ano 2000 varios historiadores fixesen incluso denuncias ao seu carón, sen que iso fose incentivo para a súa recuperación e sen que o seu desleixo variase dende aquela co paso de 25 anos por enriba da Tulla, situada a carón do Camiño do Inverno e que suporía un grande atractivo turístico. As tentativas de cambiar o futuro deste ben patrimonial por parte dos diferentes gobernos do concello de Rodeiro non deron froitos, de maneira que se continúa o menoscabo, xa presente en todas as partes do monumento e que non parece ter fin despois de máis de dúas décadas.

Asinado o día 01/06/2025 ás
11:01
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 01/06/2025 ás
11:01
Por Ariadna Fernández González





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Con data do 19 de maio deste presente ano a Tulla de Fafián foi declarada como BIC, despois da resolución do día 7 anterior a data citada. A xestión dos Bens de Interese Cultural correspóndelle á Consellería de Cultura, que é a competente nesta materia, polo cal é o goberno da Xunta de Galiza quen ten que levar a cabo as actuacións pertinentes encamiñadas a frear e reverter, de ser posible dado o lamentable estado actual e o seu avanzado deterioro. A problemática reside en que este monumento, de interese arquitectónico, arqueolóxico, científico e histórico cuxo nivel de protección é integral, conta cun propietario en investigación dende 2001, cuxo domicilio se localizaba en Valladolid, e no que non reciben as notificacións, polo que manter comunicación con eles está a ser imposible.

É preciso tomar medidas ao respecto se pretendemos conservar este novo BIC, ou o que queda del, para que non ocorra coma con outros que teñen esa categoría na comarca do Deza-Tabeirós e Terra de Montes e que non impediu que o desleixo e o deterioro se fixese dono deles ao ter un propietario privado coma pode ser, por exemplo, a Torre de Guimarei.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo a Consellería de Cultura tras incluír a Tulla de Fafián como BIC para que o monumento deixe de estar na situación de deterioro actual?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 01/06/2025 11:01:33

Mercedes Queixas Zas na data 01/06/2025 11:01:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26563
Data envío: 01/06/2025 11:03:10.491

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/06/2025 11:03:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26563
Data envío: 01/06/2025 11:03:10.491

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de rehabilitar a edificación emblemática “Fonte de Troncoso” no concello de Mondariz Balneario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio “Fonte de Troncoso” é obra do emblemático arquitecto Antonio Palacios Ramilo. Concluído en 1910, foi concebido como pavillón para aloxar o manantial de augas minerais que nace no lugar do Saidoiro.

A auga da Fonte de Troncoso foi catalogada como mineiro medicinal en 1873 e a singularidade da edificación está recoñecida no Plan de Ordenación do Medio Rural do Concello de Mondariz Balneario, incluíndoa no Catálogo de bens a protexer. Sendo recoñecida como un ben de patrimonio cultural, industrial e mineiro, amparado na “Carta de Nizhny Tagil sobre patrimonio industrial” de 2003 e nos “Principios de Dublin” de 2011, e no recoñecemento por parte do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte de España, no seu “Plan Nacional de Patrimonio Industrial, actualización de 2015”, da Fonte como elemento industrial do patrimonio inmovible. Tamén o Plan Básico Autonómico de Galiza de 2018, cataloga a Fonte de Troncoso como patrimonio cultural etnográfico. Polo tanto é indiscutible a importancia e valor patrimonial desta edificación.

Mais, a pesar desta constatación o deterioro e destrución do ben foi imparable dende o ano 2019 e por mor da falta de conservación e ameaza de ruína total, foi incluída

Asinado o día 01/06/2025 ás
11:25
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 01/06/2025 ás
11:25
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

na Lista Vermella de Patrimonio. Ademais, a veciñanza constituíuse na “Plataforma SOS Fonte de Troncoso” para reclamar a súa recuperación.

Un dos primeiros pasos desta Plataforma foi presentar unha queixa ante a Valedora do Pobo, que fixo que o Concello de Mondariz Balneario conseguira en 2020 a titularidade da Fonte de Troncoso dende mans privadas por orde xudicial, por desatender as súas obrigas de evitar a súa perda, destrución ou deterioro.

A partir dese momento, correspondíalle á Xunta de Galiza salvagardar o patrimonio cultural.

Foi grazas a distintos colectivos especialistas en Patrimonio e Bens Culturais que emitiron informes e reclamaron ante ás Administracións a recuperación da Fonte, que mesmo a Fiscalía Xeral do Estado chegara a abrir dilixencias informativas para coñecer o estado real do edificio pedindo información á Consellería de Cultura sobre as accións desenvolvidas para salvagardar o edificio, valorando incluso a posibilidade de abrir dilixencias penais.

En base a esta obriga, a Consellería de Cultura e o Concello de Mondariz Balneario, asinaron un convenio en setembro de 2022 para a conservación da Fonte de Troncoso, e en febreiro de 2023 en plena campaña das eleccións municipais, formalizouse o contrato das obras de consolidación do ben, publicitando o seu compromiso dun investimento de 500.000 € para a recuperación e rehabilitación integral.

Así o comunicou aos medios o Conselleiro de Cultura daquela, o Sr. Román Rodríguez, nunha visita á Vila acompañado do alcalde do PP nese intre, o arquitecto redactor do proxecto, César Portela e o entón Delegado Territorial da Xunta en Pontevedra, Luis López. Nova que a veciñanza festexou nese momento.

En maio de 2023, o BNG acada a Alcaldía do Concello, solicitando de xeito inmediato unha reunión coa Directora Xeral de Patrimonio, por ser a recuperación da





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Fonte de Troncoso, unha das prioridades máis urxentes para o novo goberno. O obxectivo da reunión era ter información sobre o estado de tramitación da segunda fase das obras de rehabilitación e na que se acadou o compromiso para a execución da cuberta, forxa, escalinatas e o corpo da fonte, actuación que debía rematarse neste 2025, deixando o pavillón da planta embotelladora para futuras intervencións.

Malia este compromiso e transcorridos dous anos daquela reunión, a Xunta de Galiza non ten realizado ningunha acción do comprometido. Nen sequera teñen contestado os moitos escritos do grupo de Goberno solicitando información ao respecto, salvo para indicar que non teñen pensado asumir a reposición do tellado do pavillón de envasado, segundo manifestou o novo Director Xeral na reunión co Alcalde e a concelleira o pasado día 23 de maio..

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar o Goberno Galego para asumir a súa responsabilidade con respecto ao patrimonio cultural galego e o compromiso de convenio co Concello de Mondariz Balneario para a recuperación e rehabilitación da edificación chamada “Fonte de Troncoso” que está inactivo na actualidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 01/06/2025 11:25:35

Mercedes Queixas Zas na data 01/06/2025 11:25:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26568
Data envío: 01/06/2025 11:27:33,280

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26568
Data envío: 01/06/2025 11:27:33,280

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/06/2025 11:27:33

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a demora na execución da obra de mellora da seguridade viaria na AC-840, en Oza dos Ríos (Oza-Cesuras).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-840, no tramo que atravesa o núcleo de Oza dos Ríos (concello de Oza-Cesuras), presenta deficiencias en materia de seguridade viaria, especialmente no punto que cruza baixo a vía férrea, onde a anchura da calzada impide a existencia de beirarrúas e obriga á convivencia de vehículos e peóns nun espazo reducido.

Logo de anos de reclamacións, tanto veciñais como do BNG, a Xunta de Galiza anunciou no ano 2023 a contratación dunha obra para solucionar esta situación, cun proxecto que suporía unha mellora significativa para a mobilidade e a seguridade cidadá. Porén, malia estar adxudicada a obra desde hai máis dun ano, esta continúa sen executarse nin iniciarse, sen que se teña feito pública información clara sobre as causas da demora nin sobre os prazos previstos para o seu inicio.

As informacións dispoñíbeis apuntan á necesidade dunha autorización por parte de ADIF para a execución da obra, pero nin o estado desta tramitación nin as previsións temporais trascenderon por parte do goberno galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai executar a Xunta a obra de mellora da seguridade viaria na AC-840, en Oza dos Ríos (Oza-Cesuras), contratada hai máis dun ano?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 01/06/2025 12:00:17

Luis Bará Torres na data 01/06/2025 12:00:20

Paulo Ríos Santomé na data 01/06/2025 12:00:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de dotar ao CEIP O Piñeiriño no concello de Vilagarcía de persoal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do curso pasado (23/24) a comunidade educativa do CEIP O Piñeiriño atopouse coa decisión da Xunta de Galiza de non levar a cabo o desdobre para a aula de 4º de Infantil para o presente curso lectivo (24/25) contando cunha única liña cando historicamente o centro sempre funcionou con dúas liñas. Ademais, o centro contaba naquel momento con 22 matriculados, superando a ratio de 20 alumnos/as por aula, o que levaría ao desdobre e á existencia dunha segunda liña.

Co seu proceder habitual, o Partido Popular ignorou as súas peticións ata que as familias decidiron mobilizarse e foi a raíz disto cando a 5 de setembro de 2024, uns días antes de que comezara o curso escolar, reciben notificación da Consellería de Educación indicándolles que finalmente aceptan o desdobre da aula e que dotarán ao centro dunha profesora máis en infantil. As familias confiando en que efectivamente se atenderan as súas peticións procederon a desconvocar as mobilizacións previstas para ese mesmo día.

Sen embargo o desdobre non foi real nin oficial, levándose a cabo cunha profesora outorgada ao centro a través do plan MEGA, a cal nin sequera lle correspondería estar na etapa de infantil, se non que tería que ter estado na etapa de primaria. Ademais, deciden recolocar a 3 alumnos dos 22 matriculados nese momento

Asinado o día 02/06/2025 ás
11:20
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 02/06/2025 ás
11:20
Por María Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no centro sen aviso previo ás familias noutros centros escolares, o que xera gran malestar.

A situación a día de hoxe, é que para o vindeiro curso (25/26) atópanse na mesma situación. A aula en cuestión conta con 19 alumnos dos que 3 teñen recoñecidos unha discapacidade maior do 33%, polo que computarían o dobre a nivel de ratio. Se a ratio establecida para infantil é de 20, estaríamos a falar dunha aula de 25 crianzas. Superando o establecido por lei. Polo que é preciso o desdobre, recuperando a segunda liña coa que sempre contou o centro.

Ademais no centro contan cunha aula en 3º de primaria que tamén ten varias crianzas con NEE e precisa de persoal de apoio, polo que a solución tomada este ano non é válida. É preciso que doten ao centro do persoal que por lei lle corresponde.

Estamos de novo ante un claro exemplo do proceder e das políticas habituais do Partido Popular, que só reacciona ante as mobilizacións das familias que continuamente ven como lles son negados e retirados uns dereitos que por lei lles pertencen, atacando a educación pública e desarmándoa mentres se dan subvencións e se promove á privada, tal e coma acontecen noutros eidos coma o da sanidade. Coma sempre entendéndoos coma negocio e non coma dereito e servizo á cidadanía.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta atender as demandas da comunidade escolar do CEIP O Piñeiriño do concello de Vilagarcía de realizar o desdobre da aula de 4º de infantil e de dotar de persoal de apoio a etapa de primaria?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/06/2025 11:20:42

Cristina Fernández Davila na data 02/06/2025 11:20:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2025 11:23:08
Nº Rexistro: 26586
Data envío: 02/06/2025 11:23:08.121

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/06/2025 11:23:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2025 11:23:08
Nº Rexistro: 26586
Data envío: 02/06/2025 11:23:08,121

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O investimento en infraestruturas de alta calidade é esencial para a mellora da seguridade viaria, xa que permite reducir de forma significativa a existencia de accidentes de tráfico e as súas consecuencias. O crecemento destas infraestruturas permite separar de maneira máis efectiva aos peóns dos vehículos, reducindo o risco de atropelos e aumentando a seguridade para os usuarios máis vulnerables da vía. O desenvolvemento de melloras en seguridade viaria tamén é fundamental para promover unha mobilidade inclusiva. Nas zonas nas que o tráfico é moi importante, unha mobilidade sostible soamente é posible mediante a construción de sendas peonís xa que melloran a seguridade viaria, tanto para os vehículos como para os peóns.

Un lugar no que a construción dunha senda peonil é unha actuación moi necesaria, é no tramo da estrada autonómica PO-255 que conecta a parroquia de Caritel coa parroquia de Forzáns, no Concello de Ponte Caldelas. Neste tramo da PO-255 circula unha cantidade moi importante de persoas, tanto en vehículo como a pé, unha situación que está a xerar graves problemas para a seguridade viaria dos peóns.

A veciñanza destas parroquias vive esta realidade desde hai moito tempo e aínda así a Xunta de Galicia segue sen atender as súas demandas. A





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/06/2025 12:09:11
Nº Rexistro: 26594
Data envío: 02/06/2025 12:09:11.962

construción dunha senda peonil para este tramo da PO-255 segue pendente a pesar dos reclamos e é unha actuación que non pode seguir esperando se se quere garantir a seguridade viaria dos veciños e veciñas de Caritel e de Forzáns e se se espera que a PO-255 convértase nunha vía de comunicación segura tanto para os vehículos como para os peóns.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a construír unha senda peonil no tramo da estrada autonómica PO-255 que conecta as parroquias de Caritel e de Forzáns no Concello de Ponte Caldelas, para garantir a seguridade viaria dos veciños e veciñas que circulan a pé por este vial?

Santiago de Compostela, a 2 de xuño de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 02/06/2025 12:05:50

Carlos López Font na data 02/06/2025 12:05:59

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

88610

@PSdeG



A Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O cancro de mama continúa a ser un problema de saúde prioritario, sendo en Europa a primeira causa de morte por cancro na muller. Isto convérteo nunha das doenzas máis frecuentes e, aínda que se ben é certo pode aparecer en homes, en máis do 99% dos diagnósticos danse en mulleres. En Galicia levamos anos traballando para a súa detección precoz.

Os programas poboacionais de detección precoz do cancro teñen como obxectivo reducir a incidencia e a mortalidade. Este feito está baseado en dous factores fundamentais, os avances nos programas de cribado e os avances nos tratamentos.

Unha vez realizado o diagnóstico, a celeridade na atención de cada un dos casos é fundamental, tendo comprobado que as Unidades de Mama melloran o acceso e tratamento das mulleres que o precisan.

O Programa galego de detección precoz do cancro de mama da Consellería de Sanidade incrementou no 2023 a idade da poboación diana para participar no programa de detección precoz do cancro ata os 74 anos.

Por este motivo, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia do incremento da idade da poboación diana para participar no cribado de cancro de mama?

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 02/06/2025 16:47:44

Raquel Arias Rodríguez na data 02/06/2025 16:47:54

Víctor Baladrón Lamas na data 02/06/2025 16:48:11



Nicole Grueira Fernández na data 02/06/2025 16:48:27

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/06/2025 16:48:41

Argimiro Marnotes Fernández na data 02/06/2025 16:48:59

Noelia Pérez López na data 02/06/2025 16:49:13

Ethel Vázquez Mourelle na data 02/06/2025 16:49:27

Maria Magdalena Perez Millares na data 02/06/2025 16:49:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á regulación pendente de plantas de biogás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tecnoloxía do biogás - biometano pode ser un instrumento para conseguir unha “economía circular” verdadeira por exemplo para producir biogás para autoconsumo local. Sen embargo, moitas das plantas proxectadas para Galiza están recibindo unha forte oposición por parte da veciñanza das localidades próximas, por exemplo o caso de Coeses en Lugo.

O biogás é un combustible renovable que se produce a partir da descomposición anaeróbica (sen oxíxeno) de materia orgánica, como por exemplo residuos agrícolas, xurro, residuos alimentarios e augas residuais.

No estado español existe unha Folla de Ruta do Biogás, aprobada en marzo de 2022, que identifica os retos, as oportunidades e os obxectivos de desenvolvemento desta tecnoloxía entre 2030 e 2050.

Aínda así, a nova versión do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC), publicada no outono de 2023, xa propón un aumento dos obxectivos. O Goberno aumenta os obxectivos de gas renovable a 20 TWh para 2030, duplicando a cantidade cuantificada na Folla de Ruta, pero aínda así non cumpre con REPowerEU, o plan presentado pola Comisión Europea en 2022 para reducir a dependencia enerxética





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estratéxica de Europa acelerando o compromiso cos gases renovables, o aforro de enerxía e a electrificación.

A folla de ruta xa identificaba 45 medidas estratéxicas para acadar os obxectivos, moitas das cales, especialmente as destinadas a facer obrigatorio o tratamento dos residuos orgánicos, aínda non se implementaron. Cómpre sinalar que, tendo en conta os residuos orgánicos que poden xerar biogás e biometano, o estado español é un dos países con maior potencial de produción, só por detrás de países como Francia e Alemaña.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas está a tomar o goberno da Xunta para garantir a viabilidade ambiental das plantas de biogás – biometano, e reducir o seu impacto social e ambiental?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: Xosé Manuel Golpe Acuña

Brais Ruanova Vilas-Boas

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 02/06/2025 16:59:04

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 02/06/2025 16:59:17

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/06/2025 16:59:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á moratoria de plantas de biogás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tecnoloxía do biogás - biometano pode ser un instrumento para conseguir unha “economía circular” verdadeira por exemplo para producir biogás para autoconsumo local. Sen embargo, moitas das plantas proxectadas para Galiza están recibindo unha forte oposición por parte da veciñanza das localidades próximas, por exemplo o caso de Coeses en Lugo.

O biogás é un combustible renovable que se produce a partir da descomposición anaeróbica (sen oxíxeno) de materia orgánica, como por exemplo residuos agrícolas, xurro, residuos alimentarios e augas residuais.

No estado español existe unha Folla de Ruta do Biogás, aprobada en marzo de 2022, que identifica os retos, as oportunidades e os obxectivos de desenvolvemento desta tecnoloxía entre 2030 e 2050.

Aínda así, a nova versión do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC), publicada no outono de 2023, xa propón un aumento dos obxectivos. O Goberno aumenta os obxectivos de gas renovable a 20 TWh para 2030, duplicando a cantidade cuantificada na Folla de Ruta, pero aínda así non cumpre con REPowerEU, o plan presentado pola Comisión Europea en 2022 para reducir a dependencia enerxética





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estratéxica de Europa acelerando o compromiso cos gases renovables, o aforro de enerxía e a electrificación.

A folia de ruta xa identificaba 45 medidas estratéxicas para acadar os obxectivos, moitas das cales, especialmente as destinadas a facer obrigatorio o tratamento dos residuos orgánicos, aínda non se implementaron. Cómpre sinalar que, tendo en conta os residuos orgánicos que poden xerar biogás e biometano, o estado español é un dos países con maior potencial de produción, só por detrás de países como Francia e Alemaña.

Na Galiza o biogás representa un 0,08% da enerxía primaria do país cunha achega de 8 ktep. A axenda enerxética de Galiza 2030 propón un incremento desta fonte enerxética en dúas vertentes.

Como vector para a xeración de electricidade, incrementase dos 13 MW do ano 2020 a 30 MW para o ano 2030. Así mesmo, a previsión da implantación desta tecnoloxía para uso térmico levaría a un obxectivo de potencia térmica total instalada no 2030 de 100 MW.

Estas previsións levarían a produción total de biogás das 9.647 tep no ano 2020, ás 65.606 tep no ano 2030. Un incremento do 670% que situaría ao biogás cunha achega do 8% na enerxía primaria no abeiro do 2030.

Hoxe en día coñecemos pola prensa máis de vinte propostas en todo o país, moitas delas cunha grande contestación social, como é o proxecto localizado en Coeses, Lugo. Pero tamén vemos con preocupación como moitos dos proxectos propostos están localizados en zonas con difícil acceso ao auga, e incluso ocupando terras de produción agraria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O tamaño de moitas das plantas de biogás propostas levan a ter que transportar a materia prima dende ducias de quilómetros, sendo este un factor que distorsiona o primeiro dos obxectivos da tecnoloxía do biogás, a descarbonización da economía.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas está a tomar o goberno da Xunta para garantir a sustentabilidade das plantas de biogás proxectadas na Galiza, así como o cumprimento lexislativo e a redución do impacto ambiental e social das plantas de biogás – biometano?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 03/06/2025 12:09:50

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/06/2025 12:10:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/06/2025 12:10:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña e Cristina Fernández Davila, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as necesidades do IES Concepción Arenal do Concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Concepción Arenal é o centro educativo con máis historia da cidade de Ferrol, de feito en poucos anos vai conmemorar os 100 anos da súa existencia, aínda que é desde mediados dos anos 50 do século pasado que ocupa o edificio onde se atopa na actualidade.

Durante estes anos o centro foi obxecto de diversas reformas de maior ou menor envergadura mais na actualidade precisa con urxencia dunha profunda reforma, xa que hai elementos do mesmo que teñen máis de 70 anos e presenta diferentes patoloxías polo paso do tempo.

Os corredores do centro presentan graves deterioros, desgaste, humidades, e zócalos que están a desprenderse literalmente. A maioría das portas do centro non foron cambiadas desde a súa inauguración, o que provoca problemas cos sistemas de pechadura, por obsoletos, deficiencias co illamento acústico das aulas etc.

A casa do director presenta tamén un grave deterioro debido ás humidades provocadas polas deficiencias existentes na cuberta do instituto, e a fachada principal tamén sofre humidades e o desconchado da súa pintura.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo as instalacións para desenvolver as aulas de educación física son pequenas e insuficientes para esta actividade, xa que o centro apenas dispón dun pequeno ximnasio, polo que sería necesario, cando menos, cubrir unha das pistas deportivas que o centro ten no exterior para ser utilizado tanto para as aulas de educación física como para o lecer do alumnado nos recreos en caso de mal tempo.

Resulta escandaloso que a estas alturas non estea resolto o solapamento de aulas de educación física producido polo incremento de aulas desta materia

De feito, o pasado 9 de decembro do 2023, o Alcalde e o Conselleiro de Educación comprometeron que esta actuación formaría parte do novo plan de arquitectura pedagóxica, anunciando que comezarían os trámites no 2024 sen que exista avance ningún desde aquela.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando ten previsto a Xunta de Galiza realizar unha intervención en profundidade no IES Concepción Arenal do Concello de Ferrol para reparar e atender as necesidades do centro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Cristina Fernández Davila

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/06/2025 12:44:30

José Manuel Golpe Acuña na data 03/06/2025 12:44:43

Cristina Fernández Davila na data 03/06/2025 12:44:52





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 13:22:19
Nº Rexistro: 26694
Data envío: 03/06/2025 13:22:19.282

Asinado o día 03/06/2025 ás 13:19
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as pragas de moscas na parroquia do Val, no Concello de Narón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os meses de verán dos 6 últimos anos veñen producíndose pragas de moscas na parroquia do Val, no Concello de Narón.

A causa pola que aparecen ou se producen estas pragas descoñécese. Prodúcese dun xeito intermitente, variando a duración, e mesmo as maiores concentracións cambian de lugar.

Desde a asociación de veciños e veciñas teñen instado reiteradamente a actuación dos responsábeis municipais, sen que até o de agora desde o Concello de Narón puideran aclarar as causas nin ofrecer solucións.

A chegada do verán fai temer que estes episodios podan repetirse, polo que de novo veñen dirixíndose ao Concello para que tome medidas.

A intensidade da presenza das moscas é tal, cando se producen as pragas, que impide a realización dunha vida normal nas casas afectadas, sen entrar a valorar problemas de saúde pública que podan estar relacionadas coa causa ou foco da praga, ou que poidan chegar a producirse como consecuencia da presenza desmesurada das moscas.

Asinado o día 03/06/2025 ás 13:19
Por José Manuel Golpe Acuña

Asinado o día 03/06/2025 ás 13:18
Por Ramón Fernández Alfonso





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Lonxe de ser un problema illado, esta situación afecta a máis dunha vintena de concellos en toda Galiza, ademais de Narón, como Poio ou Ponteareas. O incremento descontrolado da poboación de moscas está a converterse nunha verdadeira problemática de saúde pública e benestar social, superando os límites municipais e esixindo unha resposta global e coordinada.

A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) xa alertou en múltiples ocasións sobre a gravidade da situación, instando á Xunta de Galiza a actuar de maneira decidida e efectiva. En maio de 2024, a FEGAMP solicitou á administración autonómica a posta en marcha dun plan de intervención urxente, similar ao establecido para o control da vespa velutina.

Porén, a resposta da Xunta foi, até o momento, insuficiente e sen unha planificación clara que permita atallar o problema de raíz. A falta de compromiso e inacción do goberno galego ante unha crise desta magnitude evidencia unha desatención inaceptable cara ás necesidades e demandas das comunidades afectadas.

A Xunta de Galiza, como administración con competencias en materia de sanidade, medio ambiente e desenvolvemento rural, ten a responsabilidade directa de adoptar medidas eficaces para controlar e erradicar esta praga. É imprescindible que a administración autonómica asuma as súas obrigas e non delegue un problema desta magnitude unicamente nos concellos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta de Galiza leva anos desatendendo a problemática das pragas de moscas da parroquia do Val en Narón?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 13:22:19
Nº Rexistro: 26694
Data envío: 03/06/2025 13:22:19.282

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/06/2025 13:18:57

José Manuel Golpe Acuña na data 03/06/2025 13:19:08

Luis Bará Torres na data 03/06/2025 13:19:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 13:22:19
Nº Rexistro: 26694
Data envío: 03/06/2025 13:22:19.282

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2025 13:22:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 13:22:19
Nº Rexistro: 26694
Data envío: 03/06/2025 13:22:19.282

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a presenza da lingua galega no programa E-Dixgal na súa modalidade híbrida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa publicou unha resolución o 13 de maio para regular a modalidade híbrida do proxecto Educación Dixital de Galicia (E-Dixgal), xunto coa convocatoria para a selección de novos centros participantes para o curso 2025-2026.

As materias que están presentes en E-Dixgal en lingua galega introducen, en moitas ocasións, recursos adicionais en castelán, polo que a presenza da lingua propia fica reducida. A reformulación deste programa debería ser aproveitada polo goberno galego para protexer a presenza da lingua galega nas materias que se imparten nela, ademais de favorecer a creación de materiais didácticos no noso idioma nas diferentes materias, en cumprimento da Lei de Normalización Lingüística e do Plan Xeral de Normalización Lingüística.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto a Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional protexer a presenza da lingua galega nos materiais didácticos do novo programa E-Dixgal híbrido?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 03/06/2025 13:21:29

Mercedes Queixas Zas na data 03/06/2025 13:21:42

Cristina Fernández Davila na data 03/06/2025 13:22:09

Daniel Castro García na data 03/06/2025 13:22:22





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26712
Data envío: 03/06/2025 15:50:03,717

Asinado o día 03/06/2025 ás 15:45
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a o abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a implantación do servizo de HADO na comarca de Chantada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O decreto 34/2021 do 11 de febreiro de 2021 publicado no DOG creaba na data da súa publicación a categoría de Hospitalización a Domicilio (HADO), un servizo que desde o grupo parlamentar do BNG consideramos útil e necesario, especialmente nas zonas do país máis castigadas demograficamente e que contan cun envellecemento da poboación máis acusado. Un servizo que ademais é demandado pola cidadanía e que sempre é analizado como positivo polas persoas que poden acceder a el.

Infelizmente non toda a poboación galega ten acceso a este servizo a pesar das promesas da Xunta de Galiza que aseguraban que os 313 concellos do país terían acceso ao HADO. Así, vemos que comarcas enteiras como a de Chantada non ten nin sequera a posibilidade de que a súa poboación acceda a este servizo básico e prometido polo Goberno galego. Mais mesmo o Hospital Comarcal de Monforte ten problemas á hora de ofrecer este servizo, sendo o único de toda Galiza que non conta cunha praza específica de médico de HADO, sendo esta cuberta no día a día polo servizo de medicina interna do Hospital e creando un prexuízo inmenso ás profesionais sanitarias que teñen que redobrar esforzos constantemente. Hai mesmo parroquias monfortinas ás que non chega a Hospitalización a Domicilio, un fracaso evidente e constatábel das políticas sanitarias da Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza.

Asinado o día 03/06/2025 ás 15:45
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 03/06/2025 ás 15:45
Por Iago Suárez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A xente que vive en Chantada, Carballedo e Taboada (os tres concellos pertencentes á comarca de Chantada) está a ser tratada como poboación de segunda categoría polo goberno galego. Non se explica senón que non poidan acceder a un servizo necesario como o HADO máis de catro anos despois de ser creado pola mesma Xunta que hoxe lles nega ese servizo e esa cobertura. A situación é tal que mesmo alcaldías do Partido Popular da comarca exigen á Consellaría de Sanidade que actúe canto antes e que deixe de tratar como cidadáns inferiores a chantadeses, carballedeses e taboadeses.

A dispersión poboacional e o elevado envellecemento que se vive nos tres concellos da comarca fan aínda máis necesario e máis urxente este servizo que o Goberno do país lles nega. Desde o Grupo Parlamentar do BNG seguimos a exixir que se cumpra co que se prometeu e que se dote da Hospitalización a Domicilio a Chantada, Carballedo e Taboada á maior celeridade posíbel.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que opinión lle merece ao Goberno galego que os concellos de Chantada, Carballedo e Taboada non teñan acceso ao servizo de HADO e cando ten pensado implantalo na comarca?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 03/06/2025 15:45:42

Iria Carreira Pazos na data 03/06/2025 15:45:51

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2025 15:45:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26712
Data envío: 03/06/2025 15:50:03,717

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2025 15:50:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26712
Data envío: 03/06/2025 15:50:03,717

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña, Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as conexións ferroviarias da comarca de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Galiza padece un déficit histórico en materia de infraestruturas ferroviarias, por este motivo o BNG ven reclamando ao Goberno do Estado acometer os investimentos necesarios para reducir a fenda nesta materia respecto doutros territorios do estado. Temos claro que as políticas de transporte do futuro pasan por unha aposta decidida polo transporte ferroviario, que permite unha mobilidade sustentábel, eficaz e eficiente ao tempo que facilita unha transición enerxética que garante a cohesión social.

A comarca de Ferrol ficou nas últimas décadas sen apenas investimentos en materia ferroviaria. Compre, pois, a súa modernización urxente para contar por fin con conexións, frecuencias e tempos competitivas, tanto no transporte de proximidade como na media e longa distancia.

Para logralo, unha obra fundamental é a do chamado bypass de Betanzos, mais non concibida como un investimento puntual e único, senón como un dos pasos necesarios para avanzar na modernización do trazado entre Ferrol e A Coruña, que deba ir acompañada doutras melloras como a electrificación, a dupla vía e a compatibilidade entre viaxeiros e mercadorías. Na actualidade tense redactado o estudo informativo mais





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

está pendente, aínda, a resolución das alegacións presentadas e acometer a redacción do proxecto construtivo para considerarmos que efectivamente se dan pasos a adiante.

A infraestrutura ferroviaria debe servir para mellorar as conexións de proximidade, asegurando a cohesión territorial, económica e social, mais tamén para acurtar tempos de viaxe entre Ferrol-Betanzos-A Coruña.

Isto é, a redución dos tempos de viaxe non pode supor a eliminación de paradas, senón que debe estar dirixida a vertebrar o territorio, o que ben pode lograrse a través da modernización da liña, o incremento dos servizos e das frecuencias e a recuperación de paradas suprimidas para un ámbito territorial no que viven medio millón de persoas. Con este obxectivo a mellor alternativa é a corrección do trazado e a rectificación de curvas, así como duplicar a vía, o que permitiría a prestación de servizos simultáneos. E todo sen perder de vista que a modernización da liña debe garantir a compatibilidade do transporte de viaxeiros co de mercadorías para dar saída ao porto exterior de Ferrol que precisamente está rematando o seu acceso ferroviario.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta de Galiza consinte o déficit histórico da comarca de Ferrol en todo o relativo as conexións ferroviarias?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/06/2025 16:20:16

José Manuel Golpe Acuña na data 03/06/2025 16:20:25

Mercedes Queixas Zas na data 03/06/2025 16:20:31

Iria Taibo Corsanego na data 03/06/2025 16:20:37

Luis Bará Torres na data 03/06/2025 16:20:44



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26717
Data envío: 03/06/2025 16:22:33,418

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2025 16:22:33

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 16:36:25
Nº Rexistro: 26723
Data envío: 03/06/2025 16:36:25.287

Asinado o día 03/06/2025 ás 14:21
Por Elena Espinosa N

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana, Lara Méndez López e Carlos López Font, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Goberno galego ten pendentes débedas históricas e inversións relevantes nas comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, abarcando áreas como sanidade, infraestruturas, turismo, medio rural e servizos públicos.

Ano tras ano nos dezaseis que leva o Partido Popular de Galicia na Xunta de Galicia, os compromisos orzamentarios con estas comarcas quedan no papel.

Non se executan nin se fan as obras de infraestruturas urxentes, como o remate da autovía da Costa da Morte, que non vai ser rescatada e que ten ademais peaxes máis caras dende o 1 de xaneiro de 2025.

Promesas incumpridas como a necesidade de solo industrial, as deficiencias nos centros educativos e de saúde e saneamento de augas.

Dentro do eido de infraestruturas e mobilidade, unha das débedas de inversión pendentes son as infraestruturas municipais en Ponteceso, como o investimento de 73.000 euros para melloras no centro social de Anllóns e na sede da Asociación veciñal de Tella, enfocadas en eficiencia enerxética e servizos comunitarios.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Asinado o día 03/06/2025 ás 14:21
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 03/06/2025 ás 14:21
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

88638

28071 Madrid

Por Carlos López Font

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 16:36:25
Nº Rexistro: 26723
Data envío: 03/06/2025 16:36:25.287

Comprométese o Goberno galego a iniciar na presente anualidade o proxecto de inversión de infraestruturas municipais en Ponteceso?

Santiago de Compostela, a 3 de xuño do 2025

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

88639

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 03/06/2025 14:21:03
Paloma Castro Rey na data 03/06/2025 14:21:14
Elena Espinosa Mangana na data 03/06/2025 14:21:25
Lara Méndez López na data 03/06/2025 14:21:35
Carlos López Font na data 03/06/2025 14:21:42



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 16:36:25
Nº Rexistro: 26723
Data envío: 03/06/2025 16:36:25.287

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2025 16:36:25

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Montserrat Valcárcel Armesto, Brais Ruanova Vilas-Boas e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a liña de alta tensión subestación Sarria – Subestación Monforte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A subestación transformado de Sarria esta unida á de Monforte a través dunha liña de alta tensión de 132 kV de simple circuíto.

Esta liña está construída, na súa meirande parte con postes de formigón tipo HV con crucetas armada tipo B.

Al alturas de instalación destes apoios en algún caso bordean o límite da distancia entre condutores e chan, que segundo o regulamento de liñas de alta tensión, aprobado polo Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, para unha liña de 132 kV de tensión nominal é dun mínimo de 6,5 metros.

Tamén se ve comprometida a distancia de cruzamento con liñas de distribución de media e baixa tensión, de feito xa se teñen producido accidentes provocados pola indución con alta condutividade do ar.

As múltiples eivas que presenta esta liña, agrávanse no seu tránsito pola parroquia de San Pedro de Froián, no concello de Sarria.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Nesta parroquia xa se teñen producido accidentes por descargas entre a liña de lata tensión e terra, pola proximidade de árbores. Tamén tivo lugar en dúas ocasións, unha descarga directa sobre liñas de media tensión, provocando a perda de servizo eléctrico a toda a contorna.

Na actualidade o estado de mantemento desta liña é nulo, de feito pódense ver numerosas árbores que están moi cerca dos condutores eléctricos, o que causa preocupación na poboación da zona, que xa viron en diversas ocasións como se produce un defecto franco a terra.

O propio regulamento de liñas de alta tensión, establece que a obriga de manter nas liñas de alta tensión correspóndelle á empresa titular das mesmas.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Coñece a Xunta de Galiza o estado da liña de alta tensión de 132 kV que une as subestacións de Sarria e Monforte. Tomou algunha medida para solucionar os problemas que presenta?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 03/06/2025 17:12:45

Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/06/2025 17:12:53

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/06/2025 17:13:01

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2025 17:13:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 17:14:15
Nº Rexistro: 26731
Data envío: 03/06/2025 17:14:15.916

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2025 17:14:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 17:14:15
Nº Rexistro: 26731
Data envío: 03/06/2025 17:14:15.916

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

María del Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis de 500.000 galegos e galegas residen fora de Galicia, aos que deberan incorporarse moitos outros descendentes que terán a cidadanía española mediante o acceso á nacionalidade que foi incluída na Lei de Memoria Democrática. É un extraordinario capital humano ante o que Galicia non pode permanecer impasible, e moito menos concederlles un trato clientelar, instrumental ou paternalista. Todas estas persoas dispoñen dunha cidadanía plena e dunha identidade galega que debe ser atendida, respectada e potenciada desde as institucións do autogoberno de Galicia. É importante promover as condicións para que os galegos e galegas que queiran residir aquí poidano facer, por iso débense centrar os esforzos en xerar oportunidades para o retorno, que consoliden as situacións necesarias para que os galegos e galegas que vivan fora da terra e queiran volver teñan a oportunidade de facelo.

A Estratexia Galicia Retorna busca facilitar o regreso e a integración de todos os galegos e galegas que se atopan no exterior. Non obstante, é necesario fortalecer as axudas que hoxe en día a Xunta de Galicia destina para que se poidan afrontar os gastos extraordinarios que supón o retorno e así lograr que os galegos e galegas que queiran retornar á súa terra, conten coas condicións





para poder facelo. Isto é imposible se non se ten en conta a perspectiva de xénero na elaboración de medidas dirixidas a fomentar o retorno, porque en moitos casos, as mulleres quedan por fóra do sistema de axudas convencionais, debido á súa traxectoria vital e ao contexto social do cal proveñen, o que as leva a non contar cunha historia laboral formal.

Para que os galegos e galegas poidan pensar nun retorno a Galicia en igualdade de condicións, é moi importante ter en conta que as mulleres retornadas enfrontan unha serie de desigualdades engadidas que se relacionan coas distintas dimensións da súa identidade. Moitas das mulleres que retornan non poden cumprir cos requisitos necesarios para acceder aos subsidios por desemprego debido a que en moitos casos proveñen de países nos que o emprego informal está moi estendido e é un fenómeno que ademais afecta maiormente as mulleres. Por outra banda, este tipo de axudas tamén terminan invisibilizando ás mulleres que se dedican ás tarefas domésticas e de coidados, un traballo que adoita recaer sobre as mulleres e que queda fóra dos rexistros da seguridade social. Isto é un obstáculo maior para o retorno entre as mulleres de maior idade, debido ás dificultades adicionais que se lles presentan para acceder ao mercado de traballo.

A creación dunha axuda específica para o retorno de mulleres maiores de 50 anos que non teñen os rexistros necesarios nas súas historias laborais para poder acceder ao subsidio por desemprego, é unha medida xusta e necesaria, que permite corrixir as desigualdades que as mulleres afrontan ao longo da súa vida laboral e que as deixan por fóra destas prestacións. Ademais, é unha medida que promove a igualdade, ao ter en conta ás mulleres emigradas que traballaron durante anos en condicións precarias, informais ou de forma invisibilizada, a cargo de tarefas domésticas e de coidados. É importante que a Xunta de Galicia, non soamente lle abra as portas e lle tenda a man aos





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 09:37:11
Nº Rexistro: 26755
Data envío: 04/06/2025 09:37:11.259

galegos e galegas que retornan garantindo que poidan facer fronte ao retorno e aos gastos derivados deste nas mellores condicións posibles, senón que tamén é fundamental que poida garantir unha integración equitativa, corrixindo as desigualdades que poidan existir.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galicia a incorporar a perspectiva de xénero na Estratexia Galicia Retorna, creando unha axuda específica para as mulleres retornadas maiores de 50 anos que non poden acceder ao subsidio por desemprego, como forma de corrixir as desigualdades históricas con estas mulleres e de promover que os galegos e galegas que queren retornar a Galicia poidan facelo en igualdade de condicións?

Santiago de Compostela, a 02 de xuño de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/06/2025 09:32:47

Paloma Castro Rey na data 04/06/2025 09:33:01

Elena Espinosa Mangana na data 04/06/2025 09:33:10

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

88648

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 09:37:11
Nº Rexistro: 26755
Data envío: 04/06/2025 09:37:11.259

Silvia Longueira Castro na data 04/06/2025 09:33:17

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

88649

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 10:57:27
Nº Rexistro: 26764
Data envío: 04/06/2025 10:57:27.387

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e **Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A estrada PO-307 que une o concello de Vilanova de Arousa co concello da Illa de Arousa é unha estrada cun tráfico moi denso durante a tempada estival.

Este tráfico incrementase pola presenza dun semáforo na rúa Cardalda, que fai moitas veces de tapón.

Este semáforo vén a regular un cruce entre 2 camiños que acceden ao lugar da Pantrigueira na parroquia de Caleiro e á parroquia de San Miguel de Deiro en Vilanova de Arousa e a estrada principal autonómica.

Esta estrada é a entrada principal no concello da Illa de Arousa polo que dende o Concello se solicitou en moitas ocasións ao Goberno galego unha xuntanza con fin de expoñer este problema de tráfico e buscar con axuda dos técnicos outro sistema de regulación que non cause tantos prexuízos, sen que por parte da Xunta de Galicia se dea resposta a estas solicitudes.

Asinado o día 04/06/2025 ás
10:55
Por Carlos López Font

Asinado o día 04/06/2025 ás
10:55
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

88650

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 10:57:27
Nº Rexistro: 26764
Data envío: 04/06/2025 10:57:27.387

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

1. Ten coñecemento o Goberno galego o problema no tráfico rodado que está a causar o semáforo existente na rúa Cardalda (PO-307) no cruce co lugar da Pantrigueira na parroquia de Caleiro e á parroquia de San Miguel de Deiro en Vilanova de Arousa?

Santiago de Compostela, a 3 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

88651

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/06/2025 10:55:17

Carlos López Font na data 04/06/2025 10:55:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 10:57:27
Nº Rexistro: 26764
Data envío: 04/06/2025 10:57:27.387

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 10:57:27
Nº Rexistro: 26764
Data envío: 04/06/2025 10:57:27.387

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/06/2025 10:57:28

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 11:13:12
Nº Rexistro: 26771
Data envío: 04/06/2025 11:13:12.971

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A persistencia e avance do chancro do castiñeiro está a provocar alarma social nas zonas produtoras, perdas severas na produción de castaña e nas rendas das familias da montaña do rural que aproveitan este recurso, e na biodiversidade do monte galego.

A situación é particularmente grave na provincia de Ourense, onde as persoas afectadas denuncian a ineficacia de moitas das intervencións realizadas nas últimas dúas décadas. A falta dun diagnóstico actualizado sobre o funcionamento real das cepas hipovirulentas impide deseñar estratexias eficaces de control, mentres a enfermidade continúa avanzando e o abandono dos soutos, e as malas prácticas selvícolas e o cambio climático, aceleran a súa degradación.

O Goberno galego debe actuar ante esta emerxencia fitosanitaria, que ameaza un legado ecolóxico e cultural de tradición milenaria. Ante a alarmante expansión do chancro do castiñeiro (*Cryphonectria parasitica*) na provincia de Ourense e por elo, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Pensa actuar o Goberno galego ante a emerxencia fitosanitaria que está provocando a expansión do chancro do castiñeiro que ameaza un legado ecolóxico e cultural de tradición milenaria, en particular na provincia de Ourense?

Santiago de Compostela, a 4 de xuño do 2025

Asinado o día 04/06/2025 ás
11:11
Por Lara Méndez López

Asinado o día 04/06/2025 ás
11:11
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

88654

28071 Madrid



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/06/2025 11:11:00

Lara Méndez López na data 04/06/2025 11:11:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 11:13:12
Nº Rexistro: 26771
Data envío: 04/06/2025 11:13:12.971

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/06/2025 11:13:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 11:13:12
Nº Rexistro: 26771
Data envío: 04/06/2025 11:13:12.971

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a recepción por parte do goberno galego e do Parlamento Galego do representante do estado xenocida de Israel.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado de Israel está a cometer un xenocidio en Palestina, baixo a ollada e complicidade da meirande parte da chamada comunidade internacional. Nos últimos meses, nun proxecto de destrución e exterminio planificados de todo un pobo, máis de 50.000 persoas foron asasinadas (entre elas, 17.000 crianzas) cidades enteiras foron arrasadas, coa destrución de hospitais e mesmo con ataques directos a zonas acordadas para unha ínfima entrada de axuda humanitaria.

A intervención militar masiva que está a arrasar Gaza é posíbel pola colaboración de países que, dese xeito, se converten en cómplices do xenocidio. É o caso dos EE. UU. e dos países da UE, que son os principais provedores de armas de Israel. Os discursos de tímida condena dos diferentes países da UE, entre eles o Estados Español, non impiden que manteñan relacións diplomáticas, comerciais e militares co estado ocupante de Israel. O estado español e o goberno do PSOE continúan enleados nun discurso da confusión para ocultar os contratos da vergoña coa industria militar sionista, ao tempo que se empeñan en figurar como líderes dos discursos baleiros sen consecuencias prácticas en defensa do pobo palestino.

Asinado o día 04/06/2025 ás
15:49
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 04/06/2025 ás
15:49
Por Iria Taibo Corsanego



Non podemos continuar a tolerar a impunidade coa que o estado de Israel está a cometer un xenocidio contra o pobo palestino. O pobo galego volveu saír ás rúas o pasado 2 de xuño, en diferentes cidades e vilas, para facer ver a súa indignación. Porén, ao mesmo tempo que outros gobernos do mundo se desmarcan da política asasina de Israel, o goberno galego e o Parlamento de Galiza recibiron o encargado de negocios da Embaixada de Israel en España, que na actualidade exerce como embaixador en funcións, nun dos momentos máis graves desta masacre e onde Israel está a mostrar a súa faciana máis agresiva contra o pobo palestino.

Xesús Gamallo, Director Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, afirmara nunha comparecencia a petición propia na Comisión 1.^a do Parlamento galego considerar inaceptábel o que quere facer o estado de Israel en Palestina, polo resulta aínda menos comprensíbel que se poñan as institucións galegas ao servizo dos intereses dun estado que está a cometer unha limpeza étnica.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o motivo e o obxectivo da vergoñenta recepción do goberno galego e do Parlamento Galego ao embaixador en funcións en España do Estado de Israel, coincidindo co xenocidio que está a cometer o estado sionista contra o pobo palestino?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 04/06/2025 15:49:24

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/06/2025 15:49:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26785
Data envío: 04/06/2025 15:51:22.667

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26785
Data envío: 04/06/2025 15:51:22.667

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/06/2025 15:51:23

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Brais Ruanova Vilas-Boas, Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao impacto da instalación da macrocelusosa de Altri en Palas de Rei sobre o Camiño Francés, e o propio Camiño de Santiago, como elemento estratéxico da promoción turística de Galiza como destino turístico sustentable.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Covid-19 supuxo un cambio de paradigma nos hábitos de quen viaxa e nas preferencias de elección de destino, e serviu como acelerante de debates iniciados con anterioridade sobre o modelo turístico a nivel global e a necesidade de adaptación e implicación das políticas turísticas coa sustentabilidade económica social e medioambiental do destino.

Para aproveitar as novas oportunidades que se presentan, o sector non pode obviar eses cambios, nin a administración autonómica evitar implicarse co obxectivo a acadar: que a actividade turística teña como principio reitor a sustentabilidade real. E isto esixe un adecuado equilibrio entre os aspectos económico, ambiental e sociocultural. Sen ese equilibrio non é posible garantir a sustentabilidade a longo prazo.

A importancia e peso indiscutible que o turismo ten na economía galega esixe apuntalar o futuro do sector e da propia actividade dentro deses parámetros de equilibrio e sustentabilidade, de xeito que a actividade turística sirva para mellorar a situación do noso patrimonio histórico, cultural ou paisaxístico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na procura dun turismo sostible, no noso país xoga un papel importante o Camiño de Santiago e os seus diferentes itinerarios. Unha importancia lóxica e necesaria desde o punto de vista da promoción de todo o territorio e do destino concreto, mais perfectamente compatible coa necesaria diversificación de propostas turísticas, na busca do equilibrio territorial e o arraigo empresarial no rural, a minoración de densidades residenciais e a creación de emprego de calidade.

Diversificación que debe ser potenciada a promovida na costa e no interior, con actividades coma o surf e outras actividades náuticas, ou o sendeirismo ou o ciclismo nas súas diferentes variantes. Neste sentido tamén é imprescindible redefinir o turismo rural galego e deseñar unha estratexia de turismo urbano.

É innegable, e ademais necesario, que o Camiño de Santiago, polo seu alcance e potencia promocional a nivel estatal e internacional, debe ser estratéxico e principal na estratexia turística do Goberno galego.

Por iso, precisamente, desde o Bloque Nacionalista Galego insistimos nas nosas iniciativas na redefinición do Xacobeo e os seus obxectivos turísticos e culturais, buscando frear a banalización dos itinerarios e acadar unha mellor experiencia turística no Camiño, ao tempo que se reequilibre o peso dos diferentes camiños e se creen plans específicos para as zonas saturadas ou con risco de saturación. Todo isto, con un obxectivo claro: preservar e mellorar o valor turístico de primeira orde que é o Camiño de Santiago.

Un Camiño que hoxe está ameazado polo proxecto de instalación dunha macrocelulosa en Palas de Rei, máis se cabe, tras a publicación da Declaración de Impacto Ambiental (DIA), concluíndo a Xunta de Galiza que o proxecto é viable dese o punto de vista ambiental.



Despois desa publicación, após a aportación pola promotora de máis datos ou compromiso de medidas correctoras, fóronse dando a coñecer os diferentes informes sectoriais favorables, que aínda así inciden no impacto que tería este proxecto.

Analizando o informe emitido pola área de Turismo, concluía o de abril de 2024 que a instalación da macrocelulosa podería “afectar de forma considerable aos diferentes elementos de interese turístico”, e no concreto, que no caso do Camiño de Santiago (Camiño Francés) a magnitude dese impacto sería “importante”. Postura matizada no informe, final e favorable, de febreiro de 2025, no que reduce o impacto a afectacións negativas moderadas, leves ou neutras, que no caso do impacto visual, agrega que poden ser mitigadas coas medidas correctoras propostas.

Entre as medidas correctoras propostas, neste caso recollidas no informe técnico de Patrimonio Cultural, chama poderosamente a atención o suxerir a posibilidade de transformar unha cheminea industrial de 75 metros de altura en “un elemento icónico” e recomendando cores coma verde, marrón ou gris para acadar a súa integración paisaxística, ou mesmo incorporando compoñentes artísticos a tal fin. Tamén informa favorablemente sobre esta planta industrial, aínda que reflexa un impacto visual da planta de até 15km. Recollendo, iso si, a obriga de presentar diferente documentación, como proxectos de control arqueolóxico ou de tratamento de cores, texturas e acabados que minimicen a percepción das instalacións.

A importancia promocional que desde o punto de vista da actividade turística ten a declaración do Camiño coma Patrimonio da Humidade, esixe ter moi en conta as Directrices Prácticas para a aplicación da Convención do Patrimonio Mundial elaboradas polo Comité do patrimonio da UNESCO, que determinan os criterios para a inscrición de bens na Lista do Patrimonio Mundial en Perigo. E un deles é que eses bens culturais estean expostos a un perigo grave que afecte á súa esencia, e polo tanto ao seu recoñecemento como Patrimonio da Humanidade. No caso dos bens naturais protexidos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esas Directrices identifican como perigo comprobado sobre eles, a alteración da beleza natural, por mor de, entre outros, “*obras públicas ou privadas de gran envergadura (...)*”.

Atendendo ao valor sociocultural e á esencia mesma do Camiño, a instalación dunha macrocelulosa en Palas de Rei, desde o sentido común e a pura lóxica, induce a pensar que a declaración do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade (no ano 1993) se atopa comprometido. De perderse esa catalogación, a entrada do Camiño Francés na Lista do Patrimonio Mundial en Perigo, tería un efecto negativo na promoción turística do noso país, e polo tanto, un claro impacto socioeconómico nun sector con cada vez máis peso na economía galega.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego que a cheminea dunha instalación industrial, activa en funcionamento, constituiría un elemento icónico que actúe coma elemento de promoción turística?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Mercedes Queixas Zas

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 04/06/2025 17:15:06

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/06/2025 17:15:15

Mercedes Queixas Zas na data 04/06/2025 17:15:23

Olalla Rodil Fernández na data 04/06/2025 17:15:38

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/06/2025 17:15:55



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/06/2025 17:18:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2025 17:17:59
Nº Rexistro: 26792
Data envío: 04/06/2025 17:17:59.871

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a seguridade viaria na estrada AC-400 entre os núcleos de Valiñas e Peiro de Arriba (Culleredo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza leva anos demandando a construción de beirarrúas na estrada AC-400, no treito entre os núcleos de Valiñas e Peiro de Arriba (parroquias de Sueiro, Sésamo e Celas, Culleredo). Trátase dunha estrada cunha importante densidade de tránsito de vehículos (tanto turismos como camións e bicicletas, por tratarse dunha ruta coñecida polos ciclistas da zona), polo que a falta de beirarrúas resulta perigosa, tanto para os peóns como para os vehículos que circulan por ela. Na meirande parte do trazado, a estrada non ten beiravía, polo que os viandantes teñen que ir a pé polo medio dos carrís da estrada, co conseguinte problema de seguridade. Esta estrada atravesa varios núcleos de poboación, sen que exista ningún camiño alternativo que permita facer o percorrido a pé de xeito máis seguro.

En 2024, o goberno galego acometeu unha moi necesaria actualización das paradas de autobús, mais non foi acompañada da actualización das sendas peonís nin da construción de beirarrúas. Un grupo de veciños e veciñas rexistraron unha petición á Xunta de Galiza neste sentido, asinada por 377 persoas, polo que entendemos que se trata dunha demanda con grande apoio social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten prevista a Xunta de Galiza levar a cabo algunha actuación para construír sendas peonís ou beirarrúas na AC-400, no treito que comunica as localidades de Valiñas e Peiro (parroquias de Sueiro, Sésamo e Celas) para mellorar a seguridade peonil?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Luis Bará Torres

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 05/06/2025 09:13:25

Luis Bará Torres na data 05/06/2025 09:13:37

Paulo Ríos Santomé na data 05/06/2025 09:13:56





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 10:40:12
Nº Rexistro: 26826
Data envío: 05/06/2025 10:40:12.100

Á MESA DO PARLAMENTO

José Ramón Gómez Besteiro, María Elena Espinosa Mangana, Lara Méndez López, María Del Carmen Rodríguez Dacosta, Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso, Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e Carlos López Font, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

No día de onte, mércores 4 de xuño, as galegas e galegos coñecemos a dimisión do conselleiro do Mar, Alfonso Villares Bermúdez, ante a investigación que se estaba realizando contra el por unha denuncia por agresión sexual que, segundo apuntan as informacións publicadas, produciuse no mes de decembro do ano 2024.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Dende cando coñecía o presidente da Xunta de Galicia que o seu conselleiro do Mar estaba sendo investigado por un caso de agresión sexual?

Santiago de Compostela, a 5 de xuño do 2025

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 05/06/2025 10:28:25

Elena Espinosa Mangana na data 05/06/2025 10:28:36

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

88671

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 10:40:12
Nº Rexistro: 26826
Data envío: 05/06/2025 10:40:12.100

Lara Méndez López na data 05/06/2025 10:28:46

Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/06/2025 10:28:57

Patricia Iglesias Rey na data 05/06/2025 10:29:08

Julio Abalde Alonso na data 05/06/2025 10:29:20

Paloma Castro Rey na data 05/06/2025 10:29:31

Silvia Longueira Castro na data 05/06/2025 10:29:40

Carlos López Font na data 05/06/2025 10:29:49

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

88672

@PSdeG





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 11:22:46
Nº Rexistro: 26836
Data envío: 05/06/2025 11:22:46.635

Asinado o día 05/06/2025 ás 11:19
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativas ás actuacións de transparencia e dación de contas que debe realizar a Xunta de Galiza após a imputación dun membro do goberno galego por presunta agresión sexual e os feitos concomitantes.

Asinado o día 05/06/2025 ás 11:18
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de xuño de 2025 pola tarde dimitía o ex conselleiro do mar, Alfonso Villares Bermúdez despois de que presuntamente o Tribunal Superior de Xustiza lle comunicara a súa imputación por un presunto delito de agresión sexual.

Esta situación, de extrema gravidade e sen precedentes, foi acompañada dunha serie de circunstancias e feitos concomitantes que deben ser adecuadamente fiscalizados. Así, hai distintas cuestións de falta de transparencia e información que deben ser aclaradas polo goberno galego, ademais de explicar e render contas dunha serie de afirmacións e falta de contundencia que corren o risco de contribuír negativamente á loita contra a violencia de xénero por rebaixar a gravidade da posibilidade dunha presunta agresión sexual que supón un tipo violencia de xénero segundo recolle a lexislación galega e estatal despois de décadas de loita do feminismo e dos movementos de mulleres.

Asinado o día 05/06/2025 ás 11:18
Por Noa Presas Bergantiños

Entre outras cuestións, o goberno galego debe aclarar e transparentar desde que momento exacto tiña coñecemento da denuncia por parte das institucións xudiciais. Así mesmo, ante a gravidade do feito de que se filtre a identidade da denunciante en paralelo á posta en coñecemento público por parte do acusado da situación e da comunicación a súa





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

dimisión, é necesario depurar as responsabilidades da vulneración da confidencialidade e privacidade da vítima.

A actuación que o goberno, a representación política e as institucións galegas dean ante esta inédita situación é responsable de enviar unha mensaxe á sociedade galega que estea á altura das circunstancias, coa máxima transparencia e contundencia e demostrando que a loita contra a violencia de xénero en todas as súas formas é unha prioridade absoluta.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o momento exacto no que a Xunta de Galiza tivo coñecemento da denuncia por presunta agresión sexual a Alfonso Villares Bermúdez?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2025 11:18:49

Olalla Rodil Fernández na data 05/06/2025 11:18:55

Rosana Pérez Fernández na data 05/06/2025 11:19:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 11:22:46
Nº Rexistro: 26836
Data envío: 05/06/2025 11:22:46.635

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/06/2025 11:22:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 11:22:46
Nº Rexistro: 26836
Data envío: 05/06/2025 11:22:46.635

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 11:23:03
Nº Rexistro: 26837
Data envío: 05/06/2025 11:23:03,029

Asinado o día 05/06/2025 ás 11:18
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativas ás actuacións de transparencia e dación de contas que debe realizar a Xunta de Galiza após a imputación dun membro do goberno galego por presunta agresión sexual e os feitos concomitantes.

Asinado o día 05/06/2025 ás 11:18
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección da identidade das vítimas que denuncian calquera tipo de violencia machista debe ser unha prioridade para o sistema de intervención e protección, pois supón unha grave violación da intimidade e unha mensaxe lesiva para o conxunto de mulleres, ao supoñer unha revitimización, a exposición pública ao xuízo social e un enorme impacto emocional, desincentivando en moitas outras mulleres a decisión de denunciar.

O pasado 4 de xuño de 2025 pola tarde dimitía o ex conselleiro do mar, Alfonso Villares Bermúdez despois de que presuntamente o Tribunal Superior de Xustiza lle comunicara a súa imputación por un presunto delito de agresión sexual.

Esta situación, de extrema gravidade e sen precedentes, foi acompañada dunha serie de circunstancias e feitos concomitantes que deben ser adecuadamente fiscalizados. Así, hai distintas cuestións de falta de transparencia e información que deben ser aclaradas polo goberno galego, ademais de explicar e render contas dunha serie de afirmacións e falta de contundencia que corren o risco de contribuír negativamente á loita contra a violencia de xénero por rebaixar a gravidade da posibilidade dunha presunta agresión

Asinado o día 05/06/2025 ás 11:18
Por Noa Presas Bergantiños



sexual que supón un tipo violencia de xénero segundo recolle a lexislación galega e estatal despois de décadas de loita do feminismo e dos movementos de mulleres.

Entre outras cuestións, o goberno galego debe aclarar e transparentar desde que momento exacto tiña coñecemento da denuncia por parte das institucións xudiciais. Así mesmo, ante a gravidade do feito de que se filtre a identidade da denunciante en paralelo á posta en coñecemento público por parte do acusado da situación e da comunicación a súa dimisión, é necesario depurar as responsabilidades da vulneración da confidencialidade e privacidade da vítima.

A actuación que o goberno, a representación política e as institucións galegas dean ante esta inédita situación é responsable de enviar unha mensaxe á sociedade galega que estea á altura das circunstancias, coa máxima transparencia e contundencia e demostrando que a loita contra a violencia de xénero en todas as súas formas é unha prioridade absoluta.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

É responsable a Xunta de Galiza directa ou indirectamente da filtración da identidade da denunciante de Alfonso Villares Bermúdez por un presunto delito de agresión sexual?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2025 11:18:26

Olalla Rodil Fernández na data 05/06/2025 11:18:34

Rosana Pérez Fernández na data 05/06/2025 11:18:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 11:23:03
Nº Rexistro: 26837
Data envío: 05/06/2025 11:23:03,029

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/06/2025 11:23:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 11:23:03
Nº Rexistro: 26837
Data envío: 05/06/2025 11:23:03,029

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

Á Mesa do Parlamento

Cecilia Vázquez Suárez, Víctor Baladrón Lamas, Jose Luis Ferro Iglesias, Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, Patricia García González, Raúl Santamaría González, Julio García Comesaña e María Felisa Rodríguez Carrera deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional vén de abordar coa Xunta Autonómica de Directores e Directoras as instrucións de organización dos centros para o vindeiro curso académico. Este documento é clave para apoiar aos centros, equipos directivos e docentes na planificación da actividade lectiva.

As novas instrucións, que se trasladarán aos centros nos próximos días, poñen o foco especialmente no reforzo da autoridade do profesorado e das direccións escolares, co obxectivo de previr e actuar ante calquera tipo de acoso ou conduta contraria á convivencia escolar. Recoñécese o seu papel como autoridade pública, conforme á lexislación autonómica e estatal vixente, e refórzase o apoio da administración no desempeño das súas funcións, dando resposta a unha demanda reiterada da comunidade educativa.

As instrucións tamén regulan as actividades complementarias, garantindo que estas contribúan de xeito real e efectivo completar as aprendizaxes e saberes curriculares; e se desenvolvan de acordo cos principios constitucionais, a neutralidade ideolóxica, o pluralismo social, o pensamento crítico e o respecto ás liberdades individuais, tal e como recolle a Lei Orgánica 8/1985, reguladora do dereito á educación.

Finalmente, o novo texto inclúe outras medidas, non menores, relacionadas coa introdución dun tempo diario de lectura, a atención á diversidade e a promoción dun uso responsable e equilibrado das tecnoloxías, reforzando así aspectos nos que o sistema educativo galego xa destaca: calidade, equidade, inclusión e convivencia na aula.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Como valora a Xunta de Galicia os distintos aspectos recollidos nas instrucións de organización dos centros educativos galegos para o curso escolar 2025/26?





Santiago de Compostela, 5 de xuño 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Cecilia Vázquez Suárez na data 05/06/2025 12:46:28
Víctor Baladrón Lamas na data 05/06/2025 12:49:39
Patricia García González na data 05/06/2025 12:49:59
José Luis Ferro Iglesias na data 05/06/2025 12:50:42
Rubén Lorenzo Gómez na data 05/06/2025 12:51:10
Carmen Pomar Tojo na data 05/06/2025 12:51:35
Raúl Santamaría González na data 05/06/2025 12:51:53
Julio García Comesaña na data 05/06/2025 12:52:07
María Felisa Rodríguez Carrera na data 05/06/2025 12:52:36



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/06/2025 12:59:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 12:59:30
Nº Rexistro: 26856
Data envío: 05/06/2025 12:59:30.335

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 13:07:11
Nº Rexistro: 26862
Data envío: 05/06/2025 13:07:11.773

Asinado o día 05/06/2025 ás 13:04
Por Alexandra Fernáez

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a autorización pola Xunta dun Festival Bachata Pirata para VIPs e Golden Pass en San Simón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No día de onte, 4 de xuño, tivemos coñecemento da organización o próximo domingo 8 de xuño dun festival Bachata (Dreescode Pirata) para VIPs e Golden Pass que conta coa autorización e colaboración do goberno galego.

Logo das desafortunadas declaracións recentes de destacados dirixentes do PP e do goberno sobre a historia da Illa, nas que minimizaban as mortes e asasinatos relacionados con este espazo, estamos diante dunha escalada de provocación e unha aldraxe ás vítimas da represión franquista que parece non ter límites.

Este tipo de eventos, que foron reiteradamente denunciados polas asociacións memorialistas, forman parte dunha estratexia premeditada e provocadora por parte da Xunta, unha estratexia que encaixa perfectamente coa súa aversión á memoria histórica e a calquera programación de coñecemento da verdade e de reparación relacionada coa Ditadura franquista. Así, na práctica, o principal espazo simbólico da memoria histórica galega está sendo xestionado por empresas privadas para facer negocio con actividades de carácter lúdico que son contrarias ao significado simbólico da Illa, ofensivas para as vítimas e as súas familias, e que vulneran as condicións da cesión por parte do Estado á Xunta.

Asinado o día 05/06/2025 ás 13:03
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Asinado o día 05/06/2025 ás 13:03
Por Luis Bará Torres



A actividade prevista para o próximo domingo 8 de xuño supera todo o visto até agora, ao converter o antigo campo de concentración de San Simón nunha especie de discoteca ao aire libre na que vai ter lugar unha festa elitista para convidados VIP e Golden Pass e indumentaria pirata, segundo se desprende da publicidade da entidade organizadora que se adxunta.



Este evento está organizado coa complicidade, a colaboración e permiso do goberno galego, que é quen autoriza as actividades na Illa por medio do Museo do Mar. Se é xa de por si grave e insultante que se autorice este evento, éo máis que o goberno galego asuma parte dos custos de persoal, infraestruturas e servizos que implica.

En ningún país democrático da nosa contorna se admitiría a organización deste tipo de actos en campos de concentración, lugares de tortura e morte violenta e, en xeral, en lugares que merecen respecto e sensibilidade porque están asociados ao terror





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dunha Ditadura criminal e á dor que aínda senten as familias de quen sufriron o cárcere, o illamento, a tortura e o asasinato.

Estes feitos poñer de relevo a necesidade de recoñecer san Simón como lugar de memoria, desenvolver unha programación anual de actividades sobre memoria histórica e regular as actividades permitidas e prohibidas neste espazo simbólico, denegando aquelas que sexan ofensivas para a memoria das vítimas e as súas familias.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que custo ten para as arcas públicas a colaboración na organización do Festival Bachata Pirata para VIPs e Golden Pass que vai ter lugar o domingo 8 de xuño en San Simón?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/06/2025 13:03:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/06/2025 13:03:53

Alexandra Fernández Gómez na data 05/06/2025 13:04:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 13:07:11
Nº Rexistro: 26862
Data envío: 05/06/2025 13:07:11.773

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 13:07:11
Nº Rexistro: 26862
Data envío: 05/06/2025 13:07:11.773

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/06/2025 13:07:12

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana, Carlos López Font, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 29 dos Dereitos do Neno lémbraunos que a educación debe estar encamiñada a desenvolver a personalidade, as aptitudes e a capacidade mental e física de cada neno e nena ata o máximo das súas posibilidades. Pero, a diversidade é unha realidade social e, por tanto, está presente en cada centro docente, en cada comunidade educativa.

A administración que ten as competencias educativas, a Xunta de Galicia, tal como se indica na LOMLOE, ten que garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación, manifestando un apoio directo e específico ás medidas de atención á diversidade e garantindo a inclusión educativa de todo o alumnado na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Pero esa non é a realidade que viven no CEIP Xosé Fernández López de Porriño. Neste momento, hai arredor de 65 alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo, pero a dotación de profesionais de apoio (PT) é claramente insuficiente para atender axeitadamente todos os casos.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 13:27:17
Nº Rexistro: 26868
Data envío: 05/06/2025 13:27:17.056

Ao inicio do curso, as familias xa recolleron máis de mil sinaturas solicitando á Consellería de Educación unha ampliación da plantilla, sen que ata o de agora se produciran avances significativos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a garantir que no CEIP Xosé Fernández López de Porriño dispoñan de orientadores e orientadoras, así como dos e das especialistas e profesionais de apoio necesarios para garantir a atención educativa adecuada aos nenos e nenas?

Santiago de Compostela, a 5 de xuño de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 05/06/2025 13:21:31

Carlos López Font na data 05/06/2025 13:21:41

Julio Abalde Alonso na data 05/06/2025 13:21:49

Silvia Longueira Castro na data 05/06/2025 13:21:58

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

88691

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a demanda que ten que realizar a Xunta para a constitución dun Complexo integral da construción naval na ría de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Navantia é unha empresa pública propiedade da SEPI dedicada á construción naval con centros de traballo na baía de Cádiz, Cartagena, Madrid e a ría de Ferrol, que pola súa historia, dimensión, capacidade construtiva e operativa, nivel tecnolóxico, clientes, facturación e volume de emprego é unha das grandes empresas industriais do seu sector no panorama mundial.

O seu papel como empresa tractora e motor económico dos territorios onde se sitúan os seus centros de traballo é recoñecido explicitamente por todos os sucesivos gobernos, sendo un dos principais instrumentos para a consecución de obxectivos das súas respectivas estratexias en materia de política industrial e económica.

Mais as declaracións públicas de aposta e defensa do sector non sempre casan ben coa realidade, e o exemplo das políticas aplicadas aos centros de Navantia na ría de Ferrol son ben ilustrativos.

A política mal coñecida como de reconversión aplicada polos diferentes gobernos do PSOE e do Partido Popular no estado, resultou ser unha política absolutamente decidida a reducir capacidades, nomeadamente a través do veto á construción naval civil, e ten provocado unha perda de poboación e nomeadamente de poboación activa na





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

comarca de Ferrol que non ten comparación con ningunha outra cidade ou comarca do estado español.

Unha mestura de restricións europeas (hoxe vencidas) en favor da consolidación da construción naval nos estados centrais da UE; a dificultade de competir nos mercados mundiais contra os construtores asiáticos sen os necesarios instrumentos de intervención e regulación no mercado e na industria que compensen os que aplican aqueles estados; e os deseños propios do estado español claramente favorables aos estaleiros do grupo situados na Baía de Cádiz en detrimento dos centros galegos, son parte do contexto económico e socio-político no que se ven desenvolvendo o debate ao respecto do sector naval público na Ría de Ferrol, e as sucesivas negociacións de Plan industriais para Navantia.

A negociación actualmente en marcha non é unha excepción e vemos como reivindicacións da parte social de Navantia ría de Ferrol, de modernización das instalacións con novas infraestruturas ben dimensionadas, de recuperación de actividades como a construción naval civil, así como a de introducirse nos segmentos con maior carga tecnolóxica das novas actividades, como as relacionadas coas enerxías renovábeis, todas elas demandas orientadas a garantir o futuro da empresa, do emprego, da creación de riqueza na comarca, e polo tanto a promover unha recuperación demográfica e socio-económica real da comarca de Ferrol son rexeitadas pola representación da empresa pública.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que opina a Xunta da Galiza da proposta da dirección de Navantia de novo Plan industrial?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/06/2025 15:56:14

José Manuel Golpe Acuña na data 05/06/2025 15:56:22

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 05/06/2025 15:56:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26880
Data envío: 05/06/2025 15:57:59.280

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26880
Data envío: 05/06/2025 15:57:59.280

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/06/2025 15:57:59

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o uso de herbicidas en base a glifosato nas vías de comunicación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes días comezaron a facerse os mantementos de limpeza das marxes de numerosas estradas de titularidade diversa, xa sexa municipal, provincial, galega ou estatal, tamén das vías férreas. Nalgunha delas obsérvase que hai unha evidente seca da vexetación espontánea nas marxes, provocado por un tratamento con sustancias fitosanitarias e herbicidas. Estas sustancias herbicidas foron aplicadas por empresas de mantemento de estradas e vías férreas en virtude de contratos asinados polas diferentes administracións.

O uso de produtos químicos nas beiravías de forma masiva está prohibido pois as sustancias son arrastradas coa auga e a chuvia e acaban filtrándose no nivel freático e chegando aos ríos, con consecuencias negativas para a fauna, a flora e tamén cun risco elevado de afectar as fontes e pozos de consumo humano.

A maioría dos herbicidas son químicos e conteñen na súa composición glifosato, unha substancia, que a OMS ven denunciando dende fai décadas dos potenciais efectos nocivos para a saúde humana, de feito en 2015 a Organización Mundial da Saúde (OMS), clasificou o glifosato como “probablemente canceríxeno





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para os seres humanos”, baseándose nunha forte evidencia de que é canceríxeno para os animais.

A Administración do Estado xa a ten identificado como contaminante específico de conca nos Plans Hidrolóxicos. O propio Ministerio de Transición MITECO reconece que a análise dos datos feitos sobre o glifosato nos últimos 5 anos evidencian que pode supor un risco nas augas superficiais

Non ten sentido que os gobernos que reconecen a perigosidade destas substancias, incluso se fan controis sobre a súa presenza nas augas e concas hidrográficas, utilice herbicidas de forma indiscriminada para evitar o medro do monte nas beiravías das estradas. Existen alternativas aos herbicidas químicos para o control da vexetación non desexada, como son os métodos mecánicos o térmicos que, ademais de ser máis respectuosos co medio natural e menos contaminantes, permiten xerar emprego

Por outra banda, os Programas de vixilancia da Unión Europea concretados a través dos Plans Nacionais para o Control da Cadea Alimentaria (PNCOCA) establecen as plenas competencias de Xunta de Galiza (Consellería do Medio Rural) para facer cumprir a normativa que regula o uso destes produtos.

No Bloque Nacionalista Galego non entendemos que se sigan aplicando estes produtos e que a administración competente, a Xunta de Galiza, non actúe con determinación para evitar estas actuacións indiscriminadas con herbicidas en base a glifosato.

Por todo o exposto anteriormente fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é valoración da Xunta de Galiza a respecto da utilización de herbicidas en base a glifosato nas vías de comunicación existentes na Galiza?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Montserrat Valcárcel Armesto

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 05/06/2025 17:12:10

Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/06/2025 17:12:19

Luis Bará Torres na data 05/06/2025 17:12:27





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as declaracións do conselleiro de Educación, para o control das actividades complementarias dentro das aulas que organizan os centros educativos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de xuño o conselleiro de Educación, o Sr. Román Rodríguez, fixo unhas declaracións na reunión coa Xunta Autonómica de Directores e Directoras de centros de ensino na que presentou os plans do Executivo galego para o vindeiro curso escolar. Entre outras medidas anunciadas atópase o control das actividades que se realicen nas aulas, para que contén con “neutralidade ideolóxica”, engadindo que pretenden que estas se axusten aos principios de “liberdade, pluralismo, e aos valores constitucionais”, como se ata o de agora as actividades organizadas polos departamentos e profesorado non seguisen eses principios e criterios.

Ademais o conselleiro indicou que deberá haber “neutralidade ideolóxica”, pero sen concretar en que consiste a mesma, en actividades como visitas didácticas ou charlas, algo novo que non incluían nunca nas instrucións de anos anteriores. Esta medida ía camuflada no medio doutras que xa estaban sendo aplicadas.

Lonxe de querer implementar medidas reais de convivencia máis democráticas, estamos ante unha pretensión do PP desde a Xunta que pretende impoñer unha mordaza ao ensino e censurar todas as actividades que son organizadas dentro dos centros escolares

Asinado o día 05/06/2025 ás
18:12
Por Daniel Castro García

Asinado o día 05/06/2025 ás
18:12
Por Cristina Fernández Davila





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

que buscan fomentar o pensamento crítico, o debate democrático, a creatividade, a solidariedade, a diversidade, a igualdade, a inclusión, etc.

Non é máis ca un novo paso do goberno do PP na deriva, ás ordes do partido en Madrid, cara un achegamento aínda máis intenso ao ideario da ultradereita.; un intento da Consellería de Educación de censurar ao profesorado e de coartar a liberdade nos centros de ensino a través de manter baixo control todo o que acontece dentro das escolas e institutos.

E isto acontece despois de que as comunidades educativas e sobre todo o alumnado, aborden temas como a instalación de Altri na Galiza, o xenocidio que está a sufrir a poboación Palestina ou a situación da lingua galega no ensino e no noso País, entre outros. Precisamente iso é o que fai ao alumnado libre, crítico, con opinións plurais e con argumentos e valores democráticos. Cuestións nas que o PP no Goberno está a facer políticas regresivas e prexudiciais para as galegas e galegos, mentres o profesorado debe exercer o seu dereito á liberdade de cátedra.

Por outra banda, pon aos centros educativos nunha situación incómoda e basicamente imposible, ao ter que adiantar a comezos de curso todas as actividades que van realizar durante os trimestres do ano escolar para que a administración educativa pase o rodillo da censura. Ademais, esta cuestión estíbese facendo xa a través do Consello Escolar de cada centro, que daba o seu visto e prace ás actividades que organizaba cada departamento. Deste xeito este órgano será esquilmado novamente dunha parte das súas funcións e toma de decisións.

Hai que lembrar que a normativa educativa fomenta un ensino que forme a o alumnado en pensamento crítico, en valores e debate democrático, que sexa libre para manifestar as súas opinións con argumentos e respecto ao resto dos compañeiros/as e gozar dunha aprendizaxe integral entre os coñecementos e a situación social, económica, cultural e política que os envolve en cada momento. Só así poderemos ter unha sociedade





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

plural, ben informada, crítica, solidaria, xusta, inclusiva e mellor para o futuro do noso País.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP retirar as medidas amordazantes, incluídas nas instrucións da Consellería para o vindeiro curso escolar, tras a reacción inmediata de alarma das representantes das nais e pais do alumnado, dos sindicatos do ensino ou do profesorado, que manifestan ser censurados e coartados na liberdade de cátedra?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 05/06/2025 18:12:53

Daniel Castro García na data 05/06/2025 18:12:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 18:14:31
Nº Rexistro: 26894
Data envío: 05/06/2025 18:14:31.267

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/06/2025 18:14:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 18:14:31
Nº Rexistro: 26894
Data envío: 05/06/2025 18:14:31.267

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Pleno**, sobre a aplicación da sentenza do TSXG nas bases da convocatoria das axudas para adquirir libros de texto e material escolar para alumnado de educación Primaria, ESO e Educación Especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o vindeiro curso escolar 2025/26, publicadas no DOG do 15 de maio de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data de 26 de xuño de 2024 recaeu Sentenza 00496/2024 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a resultas do recurso contencioso-administrativo interposto pola Federación Down Galicia, contra a Orde de 10 de maio de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galiza, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/2024.

O Fallo da sentenza declara a nulidade dos apartados 2 e 3 do artigo 2 da Orde referenciada. Esta sentenza deveu firme.

Como a convocatoria para o curso 2024/25 contiña unha redacción exactamente igual e estes apartados anulados pola sentenza volvían a figurar na mesma, a Federación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Down Galicia, volveu levar esta cuestión de novo ante o xulgado, fallando este mesmo ano cunha nova sentenza xudicial estimatoria, ditada o pasado 19 de febreiro, no mesmo sentido que a anterior.

Dende o BNG presentouse no mes de marzo, ante a inacción da Consellería de Educación, unha iniciativa para reclamarlle a aplicación da sentenza na convocatoria que se publicaría este ano para o curso 2025/26, á que contestaron por escrito remitíndonos ao enlace do debate xerado en sesión parlamentaria do 26 de marzo, na que o conselleiro de Educación contestou á pregunta oral que aplicarían ambas sentenzas á hora de redactar unhas novas bases no 2025.

O pasado 15 de maio, as bases das axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o curso 2025/26, foron publicadas no DOG e malia o fallo xudicial e as argumentacións do tribunal ao respecto, nunha primeira lectura das mesmas xa queda claro que a discriminación, aínda que en menor medida, permanece en varios criterios empregados nas mesmas:

1.- As Necesidades Específicas de Apoio Educativo non recaen tan só naquel alumnado que teña unha discapacidade do 33% ou máis. Pode haber alumnado sen ese recoñecemento ou cunha porcentaxe menor.

2.- Non todo o alumnado matriculado en Educación Especial, ten recoñecemento dun 33% ou máis de discapacidade.

3.- As persoas estranxeiras en trámite de regularización da súa situación no Estado, non dispoñen aínda do recoñecemento de discapacidade, malia que cumpra os requisitos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Establecen unha diferenza entre a escolarización en Educación Especial, con 300€ sen ter en conta a renda, mentres na escolarización Ordinaria está condicionada á renda familiar e a ter unha porcentaxe de discapacidade recoñecida ao 33% ou máis.

Vista a redacción do artigo 2.b).3º, 2.d) e 2.3 da citada orde é evidente que tanto as axudas para a adquisición de libros de texto, como aquelas para adquisición de material escolar seguen sendo discriminatorias para aquel alumnado con discapacidade, acollido a unha modalidade educativa inclusiva, fronte a aqueloutro alumnado matriculado nun centro especial ou nunha unidade específica dun centro ordinario. A Consellería fixa unhas axudas suxeitas a un réxime diferenciado en función do tipo de escolarización.

Tal discriminación é arbitraria e contraria a toda a normativa educativa vixente, non só autonómica e estatal, senón tamén Europea (léase a Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade) e contravén a doutrina establecida pola xurisprudencia, quen establece claramente, a prevalencia da educación inclusiva do alumnado con discapacidade; é dicir a educación recibida en centros ordinarios e sometida aos correspondentes apoios necesarios. Asemade, a citada Orde supón unha creba do dereito á igualdade e non discriminación establecido polos artigos 14 e 27 da Constitución Española.

Por outro lado, o artigo citado (nos seus apartados 2 e 3) introduce unha clara, inxustificada e indebida confusión ao establecer un baremo fixado, agora no 33% de grao de discapacidade como criterio para outorgar o máximo importe de axuda (tanto para a adquisición de libros de texto como para o material escolar). Neste sentido, tal e como establecen as Sentenzas Xudiciais de referencia, o establecemento do grao de discapacidade conleva un “desenfoque que entraña unha distorsión”, na redacción da Orde, pois tal baremo procede dos órganos e equipos de valoración técnicos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especializados independentes da Consellaría de Educación, “sendo o seu marco normativo o Real Decreto 888/2022, de 18 de outubro (Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030), que nada ten que ver co ámbito educativo, nin é o que pode computarse para as necesidades educativas do alumnado, pois estas son as que fixan os equipos de orientación educativa dos centros, nos informes de avaliación psicopedagóxica, conforme os artigos 34 e 35 do Decreto 229/2011, de 7 de Decembro, (que regula a atención á Diversidade)”.

Pola falta de acción da Consellaría, a Federación Down Galicia veuse forzada a interpoñer outro recurso contencioso-administrativo contra a Orde de 2024 e agora ante a orde de 2025, terán novamente que presentar un novo recurso para blindar definitivamente os dereitos das persoas con discapacidade que o Goberno da Xunta de Galiza está empeñado en pisotear.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións pensa levar a cabo a Consellaría de Educación para garantir a gratuidade de libros de texto para todo o alumnado e, en concreto, para garantir os dereitos recollidos na normativa educativa vixente á hora de modificar a Orde do 28 de abril de 2015, que regula a participación no fondo solidario de libros de texto e as axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en E. Primaria, ESO e E. Especial en centros docentes para o curso 2025/26, acatando así as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza do 26 de xuño de 2024 e a do 19 de febreiro de 2025?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 05/06/2025 18:12:38

Cristina Fernández Davila na data 05/06/2025 18:12:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Un dos ámbitos máis sensíbeis nos que existe a LGBTfobia é nos centros de ensino. Os datos amosan que os centros de ensino galegos, ao igual que no resto do mundo, non son espazos libres de violencia LGBTfóbica.

O goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza vén sendo unha oposición a calquera avance que se poida dar nas aulas en materia de igualdade, ata o punto de chegar a suprimir a materia desa mesma temática que viña formando parte do currículo escolar. As iniciativas realizadas pola comunidade educativa parten sempre da voluntariedade do profesorado ou das ANPAs, sen que a Consellería teña dado pasos efectivos para garantir a erradicación do machismo e a LGBTfobia das aulas.

Ata tal punto que chega a vulnerar o estipulado na propia lexislación galega ao non dar cumprimento ao recollido na lei 2/2014, a pesar de ser esta unha norma con propostas que poden ser consideradas coloquialmente “de mínimos”. Tampouco se ten avanzado no novo protocolo de identidade de xénero, que segue paralizado por decisión da Administración.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos últimos anos veñen xurdindo diferentes estudos que sinalan a preocupante situación do ensino galego no que se refire á educación na diversidade. Análises que mostran a violencia á que se enfrontan crianzas, profesorado e familias LGBT nos centros de ensino, sen que a Consellería de Educación teña mostrado intención de mudar a súa actuación ou enfrontar minimamente a situación. Todo o contrario, o goberno galego vén de anunciar que imporará a “neutralidade ideolóxica” en vez de garantir que promoverá a educación en valores ou a integración e desenvolvemento dos colectivos máis vulnerábeis.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cales son as medidas contempladas polo goberno galego para garantir centros libres de LGBTfobia?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2025

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 05/06/2025 18:23:28

Cristina Fernández Davila na data 05/06/2025 18:23:42

Daniel Castro García na data 05/06/2025 18:23:51





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26875
Data envío: 05/06/2025 15:16:32.947

Asinado o día 05/06/2025 ás 15:14
Por Iria Carreira Pazo

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións por parte do Goberno galego destinadas a garantir a conexión entre a cidade e outros concellos de Ourense e o Hospital de Piñor.

Asinado o día 05/06/2025 ás 15:14
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital de Piñor, situado na estrada que lle dá nome, no termo municipal de Barbadás, é un dos centros sanitarios públicos asociados ao funcionamento do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense que, como coñece o goberno galego, no lugar de desenvolver os seus servizos integramente nun só edificio, ten a atención desagregada en varios, tanto no propio Complexo como, pendente de reorganización polo traslado do Nóvoa Santos, noutros edificios máis afastados como o antigo PAC da rúa Concello ou o caso de Piñor.

Esta situación supón que para moitos e moitas doentes, profesionais ou acompañantes o desprazamento sexa, por veces, complexo. Á dispersión dos recursos hai que engadir unha deficiente rede de transporte público. Dunha banda, o CHUO exerce de Hospital de referencia xa non só para a comarca de Ourense senón para o conxunto de comarcas ourensás, toda vez que hai servizos e especialidades que os Hospitais comarcais de Verín e Valdeorras non teñen ou determinadas intervencións, probas ou tratamentos que deben ser realizados na cidade. Neste sentido, a rede de transporte das distintas cabeceiras de comarca e vilas á cidade é deficiente. A isto hai que engadir que o feito do Hospital de Piñor estar no Concello de Barbadás e non ter aínda un transporte

Asinado o día 05/06/2025 ás 15:14
Por Noa Presas Bergantiños





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

metropolitano real operativo en Ourense por responsabilidade da Xunta, engade complexidade aos desprazamentos que se fan desde a cidade e, máis aínda, aos daquelas persoas que teñen que vir doutras zonas.

Máis aínda, recentemente, após de que se consumara e coñecera o terceiro derrube nun ano nos teitos do Hospital Materno Infantil de Ourense e se incrementara a alarma profesional e social sobre a seguridade deste edificio, a Xunta de Galiza comezou por fin a trasladar e reorganizar distintos servizos. Esta reorganización fai que hoxe máis persoas teñan que se desprazar até o Hospital Piñor, que xa tiña un servizo moi deficiente de conexións.

É necesario, polo tanto, como leva demandando desde hai semanas a Plataforma pola defensa e mellora da sanidade de Ourense en escritos enviados ao Concello de Ourense, de Barbadás, a sanidade e á Xunta, que se reforcen e reorganicen os servizos e non se penalice á cidadanía por estas circunstancias.

É preciso polo tanto reforzar e reorganizar os servizos, lastrados pola carencia dun verdadeiro Plan de transporte metropolitano para que, xunto coas empresas afectadas, se tente dar unha saída ao problema pois a sanidade pública ten que ser accesible e para iso as e os doentes teñen que dar chegado aos centros de servizo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai impulsar a Xunta de Galiza para garantir a accesibilidade por medio do transporte público por estrada da cidadanía até o Hospital de Piñor coa reorganización de servizos sanitarios provocada polo derrube dos teitos do Materno Infantil?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2025 15:14:01

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/06/2025 15:14:09

Iria Carreira Pazos na data 05/06/2025 15:14:29

Paulo Ríos Santomé na data 05/06/2025 15:14:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26875
Data envío: 05/06/2025 15:16:32.947

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/06/2025 15:16:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26875
Data envío: 05/06/2025 15:16:32.947

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Propuesta de REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO por el que se modifican los Reglamentos (UE) 2021/694, (UE) 2021/695, (UE) 2021/697, (UE) 2021/1153, (UE) 2023/1525 y (UE) 2024/795, en lo que respecta a la incentivación de las inversiones relacionadas con la defensa en el presupuesto de la UE para la ejecución del Plan ReArmar Europa [COM (2025) 188]

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Secretaría de la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 24/2009, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informamos de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: cmue@congreso.es

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/06/2025 13:52:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2025 13:52:12
Nº Rexistro: 26702
Data envío: 03/06/2025 13:52:12.729

CSV: BOPGDSPG-UgOFDiuNx-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





COMISIÓN
EUROPEA

Bruselas, 22.4.2025
COM(2025) 188 final

2025/0103 (COD)

Propuesta de

REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

por el que se modifican los Reglamentos (UE) 2021/694, (UE) 2021/695, (UE) 2021/697, (UE) 2021/1153, (UE) 2023/1525 y (UE) 2024/795, en lo que respecta a la incentivación de las inversiones relacionadas con la defensa en el presupuesto de la UE para la ejecución del Plan ReArmar Europa

(Texto pertinente a efectos del EEE)



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA

• Razones y objetivos de la propuesta

La presidenta Von der Leyen anunció en las Orientaciones políticas que tenemos ante nosotros una nueva era para la defensa. En los próximos cinco años, la Unión trabajará por construir una auténtica Unión Europea de Defensa. Los últimos decenios han puesto de manifiesto una falta crónica de inversión y de gasto eficiente en nuestras capacidades militares, lo que ha afectado a las capacidades de producción de la base industrial y tecnológica de la defensa europea (BITDE) y a su potencial de innovación, conduciendo al mismo tiempo a la fragmentación nacional del mercado de la defensa. Para estructurar este nuevo planteamiento y determinar las necesidades de inversión de Europa, la Comisión Europea y la Alta Representante presentaron, el 19 de marzo 2025, el Libro Blanco Conjunto titulado «Preparación en materia de defensa europea 2030».

El Libro Blanco destaca que los Estados miembros se enfrentan a una amenaza grave y creciente, que requiere una respuesta coordinada con espíritu de solidaridad. El continente se ve afectado por la guerra, la agresión y otros actos hostiles. La única forma de asegurar la paz y de que la UE pueda decidir su propio futuro es estar preparados para disuadir esas acciones. Para ello, es necesario reforzar la industria de defensa de la Unión de forma que pueda producir los equipos necesarios para disuadir a posibles agresores. La UE tiene una base sólida en términos de riqueza y capacidad productiva para liberar recursos y desplegar su potencial tecnológico e industrial latente. Sin embargo, la situación actual de preparación en el ámbito de la defensa se ha visto comprometida por décadas de falta de inversión en el sector, lo que pone de relieve la necesidad de un esfuerzo unificado para reforzar la posición de la UE en materia de defensa.

A fin de desarrollar las capacidades y la preparación militar necesarias para disuadir de forma creíble agresiones armadas y proteger el futuro de la UE, se necesita un aumento masivo del gasto europeo en defensa durante un período prolongado. A tal fin, la Unión y los Estados miembros han de realizar un esfuerzo combinado y sostenido de inversión colectiva en la defensa de la UE. Ello proporcionará a la industria de defensa de la Unión la previsibilidad a largo plazo que necesita para invertir en nuevas capacidades de producción.

El Reglamento STEP apoya la competitividad y la ventaja tecnológica de la UE. En la actualidad, es posible apoyar en el marco de la STEP el desarrollo y la fabricación de determinadas tecnologías de defensa, como la IA, las tecnologías de ciberseguridad o los drones.

No obstante, la UE debe hacer más para abordar la necesidad urgente de intensificar las inversiones europeas en defensa utilizando su presupuesto.

A raíz de la carta de la presidenta Von der Leyen dirigida al Consejo Europeo el 4 de marzo, la presente propuesta tiene por objeto ampliar el ámbito de aplicación de la STEP introduciendo un cuarto sector estratégico que abarque todas las tecnologías y productos relacionados con la defensa, incluidos los cubiertos por los ámbitos prioritarios en materia de capacidades definidos en el Libro Blanco.

De este modo, se podría aprovechar la STEP para dirigir recursos e inversiones adicionales al sector de la defensa, en particular a su base tecnológica e industrial.



A tal fin, la presente propuesta introduce modificaciones al Reglamento STEP, así como a los reglamentos relativos a otros programas cubiertos por la STEP: el Fondo Europeo de Defensa (FED), el Programa Europa Digital (PED) y Horizonte Europa. Además, la presente propuesta también modificará el Reglamento relativo al apoyo a la producción de municiones (ASAP) y el Mecanismo «Conectar Europa» (MCE) para canalizar más fondos de la UE a la industria y las tecnologías de defensa.

La modificación del FED tiene por objeto permitir la acumulación de financiación de este Fondo con la de otros programas de la Unión para una misma acción, e introduce la posibilidad de transferir al FED recursos asignados a los Estados miembros en el marco de los fondos de la política de cohesión. También se modifica el ASAP para permitir transferencias similares de los Estados miembros y ampliar la aplicabilidad del Reglamento más allá del 30 de junio de 2025.

La modificación del PED hace hincapié en el apoyo a las acciones de doble uso como objetivo general y específico del instrumento y en la posibilidad de utilizar la flexibilidad presupuestaria para apoyar inversiones adicionales bien orientadas que tengan por objetivo la competitividad y la autonomía estratégica de la UE.

La modificación del programa Horizonte Europa permitirá proporcionar apoyo a tecnologías con posibles aplicaciones de doble uso en el marco del Acelerador del Consejo Europeo de Innovación (CEI), así como proporcionar apoyo en forma de capital a tecnologías centradas en aplicaciones de defensa para su expansión a mayor escala. Los importes no utilizados y los posibles retornos de las inversiones realizadas por el Fondo del CEI durante la fase piloto en el marco de Horizonte 2020 deben destinarse a financiar nuevos proyectos de doble uso y de defensa que se benefician del ámbito de aplicación modificado.

Esta propuesta también permitiría a la Comisión conceder sellos STEP¹ en el marco de Horizonte Europa, el FED y el PED a proyectos de alto potencial en el sector de la defensa, con el objetivo de atraer financiación de otras fuentes (otros fondos de la UE, fondos nacionales o inversores privados o institucionales).

El 1 de abril de 2025, la Comisión propuso modificar los Reglamentos relativos al Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) / Fondo de Cohesión (FC), al Fondo de Transición Justa (FTJ) y al Fondo Social Europeo Plus (FSE+) para seguir promoviendo las inversiones en defensa como parte de la revisión intermedia de la política de cohesión.

La presente propuesta complementa la revisión intermedia de la política de cohesión. La ampliación del ámbito de aplicación de la STEP permitiría proporcionar apoyo, en el marco de los objetivos específicos de la STEP existentes en el FEDER y el FC, a inversiones en el desarrollo y la fabricación de tecnologías críticas en el ámbito de la defensa. Del mismo modo, también se podría proporcionar apoyo en el marco de la STEP, a través del FSE+, a las capacidades pertinentes para el desarrollo / la fabricación de tecnologías críticas en el sector de la defensa.

Es necesario un enfoque coordinado a escala de la UE para hacer posible una movilidad sin fisuras del personal y los equipos militares en toda Europa. El MCE, al ser un programa de gestión centralizada, puede garantizar la selección de proyectos de movilidad militar con un gran valor añadido para la UE y un alto grado de madurez para una ejecución rápida y coordinada en todos los Estados miembros, sobre la base de los corredores de movilidad

¹ El sello STEP es el sello de soberanía definido en el Reglamento (UE) 2024/795.



militar. El MCE también garantiza la participación del Estado Mayor de la UE en la selección de proyectos y que los proyectos seleccionados cumplan las normas técnicas necesarias para las infraestructuras de transporte de doble uso.

La propuesta de revisión intermedia de la política de cohesión permite a los Estados miembros utilizar los fondos de cohesión actuales para invertir en infraestructuras de defensa o de doble uso a fin de fomentar la movilidad militar, con una prefinanciación del 30 % de los importes programados y la posibilidad de obtener una financiación de la Unión de hasta el 100 %. Estas inversiones se concentrarán principalmente en los cuatro corredores de movilidad militar prioritarios de la UE. En cuanto a las inversiones en movilidad militar, la Comunicación que acompaña a la revisión intermedia de la política de cohesión anima a los Estados miembros a hacer uso de la posibilidad de transferir al MCE recursos que les han sido asignados en régimen de gestión compartida, beneficiándose al mismo tiempo de los mismos porcentajes ventajosos de prefinanciación y cofinanciación que la financiación de cohesión. Para facilitar este proceso, se propone una modificación del Reglamento del MCE.

La modificación del programa MCE para el sector digital hará posibles las capacidades digitales conectadas necesarias para el desarrollo de productos y tecnologías de defensa, incluidas la conexión en la nube, la IA y las gigafactorías de IA.

- **Coherencia con las disposiciones existentes en la misma política sectorial**

La propuesta es coherente con los objetivos perseguidos por los programas de la UE anteriormente mencionados y los fondos de la política de cohesión. Introduce modificaciones específicas de los Reglamentos (UE) 2021/694, (UE) 2021/695, (UE) 2021/697, (UE) 2021/1153, (UE) 2023/1525 y (UE) 2024/795.

- **Coherencia con otras políticas de la Unión**

La propuesta se limita a modificaciones específicas de los Reglamentos (UE) 2021/694, (UE) 2021/695, (UE) 2021/697, (UE) 2021/1153, (UE) 2023/1525 y (UE) 2024/795, y mantiene la coherencia con otras políticas de la Unión.

2. BASE JURÍDICA, SUBSIDIARIEDAD Y PROPORCIONALIDAD

- **Base jurídica**

La propuesta se basa en los artículos 114, 164, 172 y 173, el artículo 175, párrafo tercero, los artículos 176, 177, 178, 182, 183 y 188, y el artículo 192, apartado 1, del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea.

- **Subsidiariedad (en el caso de competencia no exclusiva)**

La propuesta tiene por objeto fomentar las inversiones en defensa ofreciendo incentivos, eliminando posibles obstáculos y aportando una mayor flexibilidad y simplificación. No puede obtenerse el mismo resultado por medio de medidas nacionales.

- **Proporcionalidad**

La propuesta persigue movilizar inversiones en defensa y aportar una mayor flexibilidad y simplificación para acelerar las inversiones. Las medidas no van más allá de lo necesario para lograr estos objetivos.



- **Elección del instrumento**

Un Reglamento es el instrumento adecuado, ya que establece normas directamente aplicables para la ayuda, y porque deben introducirse modificaciones en Reglamentos existentes.

3. RESULTADOS DE LAS EVALUACIONES *EX POST*, DE LAS CONSULTAS CON LAS PARTES INTERESADAS Y DE LAS EVALUACIONES DE IMPACTO

- **Evaluaciones *ex post* / controles de la adecuación de la legislación existente**

No procede

- **Consultas con las partes interesadas**

No procede

- **Obtención y uso de asesoramiento especializado**

No procede

- **Evaluación de impacto**

